

MATERIA
Economía Política I. Empresa e Mercados

unidade
didáctica
5

TITULACIÓN
Grao en Ciencia Política e da Administración

Contabilidade da empresa

Francisco Jesús Ferreiro Seoane
Vanessa Miguéns Refojo

Economía Política
Departamento Economía Aplicada
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

ISBN

978-84-18445-36-1

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788418445361>

MATERIA: Economía Política I. Empresa e Mercados

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A Economía Política

- Concepto de Economía
- Caracterización da Ciencia Económica
- O método na Economía

Unidade II. Introducción á historia do pensamento económico

- Os preclásicos: mercantilistas e fisiócratas
- Os clásicos. Marxinalistas e neoclásicos
- O marxismo
- Históricos e institucionalistas
- O keynesianismo
- Panorama actual da Ciencia Económica

Unidade III. A demanda, a oferta e o mercado

- As funcións de demanda e oferta e os seus determinantes
- O equilibrio do mercado. Excedentes do consumidor e do produtor
- Elasticidades da demanda
- A elasticidade-prezo da oferta

Unidade IV. A empresa como oferente tipo

- A empresa. Concepto e tipos
- O papel da empresa na economía
- A estratexia da empresa

Unidade V. Contabilidade da empresa

- Definición, obxectivos, documentos e principios da contabilidade
- Balance de situación e cadro de contas
- A conta de perdas e ganancias (PeG). As contas de xestión
- A técnica do rexistro contable
- Contas anuais
- Análise económica e financeira

Unidade VI. Teoría da produción e dos custos da empresa

- A función de produción
- Produtividades a curto e longo prazo
- Do custo contable ao custo económico
- Funcións de custos a curto e a longo prazo

Unidade VII. Teoría da distribución

- A demanda, a oferta e o prezo dos factores de produción
- O mercado laboral e a determinación dos salarios
- A renda da terra
- O capital e o beneficio empresarial

Unidade VIII. Prezos e mercados

- Concepto e clases de mercado
- O mercado de libre competencia
- O monopolio
- O oligopolio e a competencia monopolista

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

CONTIDOS

1. Definición, obxectivos, documentos e principios da contabilidade
 - 1.1. Concepto e obxectivos
 - 1.2. Documentos contables
 - 1.3. Principios contables
2. Balance de situación e cadro de contas
 - 2.1. Estrutura do balance. As masas patrimoniais
 - 2.2. Cadro de contas no balance
 - 2.2.1. Activo non corrente ou inmovilizado
 - 2.2.2. Activo corrente ou circulante
 - 2.2.3. Patrimonio neto
 - 2.2.4. Pasivo non corrente ou fixo
 - 2.2.5. Pasivo corrente ou circulante
 - 2.3. Exercicio: elaboración dun balance de situación
3. A conta de perdas e ganancias (PeG). As contas de xestión
 - 3.1. Estrutura da conta de resultados
 - 3.2. Cadro de Contas no PeG
 - 3.2.1. Compras e gastos
 - 3.2.2. Vendas e ingresos
 - 3.3. Exercicio: elaboración da conta de Perdas e de Ganancias (PeG)
4. A técnica do rexistro contable
 - 4.1. A conta e o rexistro contable (partida dobre)
 - 4.2. O Diario Xeral
 - 4.2.1. Asento inicial
 - 4.2.2. Operacións comerciais
 - 4.2.3. Existencias
 - 4.2.4. Gastos de persoal
 - 4.2.5. Outros gastos, periodización
 - 4.2.6. Investimentos e amortizacións
 - 4.2.7. Liquidación de impostos
 - 4.3. O Libro Maior

- 4.4. Balance de comprobación
- 4.5. Peche contable
 - 4.5.1. Regularización da conta de xestión
 - 4.5.2. Proceso de peche e apertura económica
- 5. Contas anuais
 - 5.1. Balance de situación
 - 5.2. A conta de perdas e ganancias
 - 5.3. Estado de cambios no patrimonio neto
 - 5.4. Estado de fluxos de efectivo
 - 5.5. A memoria
- 6. Análise económica e financeira
 - 6.1. Análise de rendibilidade
 - 6.2. Análise enómica e financeira do balance de situación

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica trata de introducir o estudante nos conceptos relativos á contabilidade da empresa, que é entendida como un sistema de información que, a través dunha técnica contable, permite rexistrar dun modo ordenado e regulado as operacións levadas a cabo polas empresas, así como coñecer o seu estado económico e patrimonial. Tómase a lexislación correspondente ao Plan Xeral de Contabilidade como punto de partida para desenvolver o tema.

Por outra banda, preséntanse os documentos asociados á contabilidade (o balance de situación e a conta de perdas e ganancias [PeG]), así como a súa utilidade e a información que conteñen; e ensínase ao estudante cómo elaborar e interpretar ditos documentos a través de exercicios prácticos.

O alumnado debe coñecer a técnica contable e os principais documentos que lle permitan comprender e interpretar as contas anuais. Para rematar o contido da unidade expónse a información relativa á análise económica da empresa.

OBXECTIVOS

O tema que se desenvolve, así como a bibliografía relacionada, elaborouse coa finalidade de que os estudantes acaden os seguintes obxectivos:

- Familiarizarse cos conceptos e documentos básicos relacionados coa contabilidade dunha empresa, como sistema de información.
- Relacionar os aspectos económicos cos xurídicos a través da contabilidade (dereito mercantil, laboral e tributario).
- Familiarizarse co balance de situación e coas contas de resultados dunha empresa a través da análise económica e financeira.
- Coñecer a técnica e os principais documentos contables, o cal permitirá comprender os estados financeiros dunha sociedade mercantil.
- Facer algúns asentos básicos da contabilidade da empresa.
- Introducción ás contas anuais (balance de situación, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto, estado de fluxos efectivo e memoria).
- Calcular e interpretar algúns cocientes da contabilidade empresarial, especialmente aqueles que poidan ser de máis interese para o xurista.
- Elaborar a táboa de custos dunha empresa.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Para unha mellor aprendizaxe do tema por parte do alumno, aplicaranse, neste caso, 2 principios metodolóxicos:

- Principio da actividade. Neste caso, a educación apóiase na actividade persoal do alumno, pois sen actividades persoais non hai aprendizaxe. O docente canalizará as inquietudes dos alumnos en relación cos obxectivos do programa. Para que a ensinanza sexa activa debe iniciarse dende a programación de actividades, presentando ao alumno actividades problemáticas de solución alcanzable ao seu nivel. Deste modo, facilitarase tanto a avaliación como a autoavaliación da aprendizaxe. Algunhas técnicas que se empregarán serán a investigación, proxectos, presentacións, exercicios, discusións e debates e emprego de documentación.
- O principio de ‘estar ao día’. As novas tecnoloxías aumentan a necesidade de formación e preparación tanto de docentes como de alumnos. É imprescindible formular procesos metodolóxicos nos que a investigación e a busca de datos estén vinculados ás novas tecnoloxías. ‘Aprender a aprender’ é un dos principios ideolóxicos que máis forza achegaron aos cambios metodolóxicos, xa que incitan o alumnado a procurar a autoaprendizaxe.

CONTIDOS

1. Definición, obxectivos, documentos e principios da contabilidade

1.1. Concepto e obxectivos

Coa aprobación do Plan Xeral de Contabilidade polo Real Decreto 530/1973, do 22 de febreiro, incorporáronse as tendencias modernas sobre normalización contable. Posteriormente, a inclusión de España na hoxe coñecida como Unión Europea, trouxo consigo a harmonización das normas contables co dereito comunitario a través de directivas contables (Lei 19/1989, de 25 de xullo, de reforma parcial e adaptación da lexislación mercantil ás Directivas da Comunidade Económica Europea (CEE) en materia de Sociedades). Tamén se publica o Real Decreto 1643/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, disposición xa derogada.

No ano 2000, guiado polo obxectivo de facer máis comparable e homoxénea a información económica-financeira, con independencia do seu lugar de residencia, a Comisión Europea recomendou esixir que as contas anuais consolidadas se formulasen seguindo as instrucións do Comité de Normas Internacionais de Contabilidade (CNIC). Como consecuencia de todo isto, aprobouse o vixente Plan de Contabilidade, tanto xeral (Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro) como específico para pequenas e medianas empresas (Real Decreto 1515/2007, de 16 novembro). Será o segundo no que se centrará esta unidade didáctica.

Unha vez identificado o marco legal, débese definir o concepto de contabilidade. Segundo o profesor Omeñaca (2017), a contabilidade defínese como: “ciencia que orienta aos suxeitos económicos para que estes coordinen e estruturen en libros e rexistros adecuados a composición cualitativa e cuantitativa do seu patrimonio (estática contable), así como as operacións que modifican, amplían ou reducen dito patrimonio (dinámica contable)” (p. 21).

O profesor Rey Iglesias (2015) achega a seguinte definición: “A Contabilidade é, en definitiva, unha técnica ao servizo da xestión empresarial cuxo obxectivo é rexistrar todas as operacións económico-financeiras que realiza a empresa para posteriormente ser analizadas. A súa finalidade é aportar información permanente e exacta da situación da empresa, que permita interpretar o acontecido e tomar decisións para mellorar o resultado da empresa” (p. 5). En definitiva, é unha linguaxe comunmente aceptada no referente á información económico financeira das empresas.

Para isto, é preciso o desenvolvemento dunha técnica contable que permita rexistrar dun xeito ordenado e regulado, as operacións que efectúa a empresa, e que permita coñecer o estado patrimonial desta, así como os resultados obtidos. Devandita técnica contable está dirixida a:

- Directivos da empresa, accionistas, entidades crediticias, empregados, provedores e outros interesados.
- Autoridades gobernamentais.
- Axencias reguladoras.

A información que facilita debe dar unha imaxe fiel de forma que sexa:

- **Comprensible.** A información contable, dentro da súa complexidade, debe ser perfectamente comprensible para os usuarios.
- **Relevante.** A información elaborada ha de ser útil para a toma de decisións dos seus destinatarios, podendo influír nelas. A información é relevante cando nos axuda a avaliar feitos pasados, presentes ou futuros, ou ben a confirmar ou corrixir avaliacións realizadas anteriormente.
- **Fidedigna.** A información ha de reflectir do xeito máis rigoroso posible os feitos económicos que representa ou aos que se refire, con ausencia de erros significativos que poidan alterar a substancia da dita información de cara a toma de decisións.
- **Comparable.** A información ha de estar elaborada con criterios homoxéneos e equiparables no tempo, é dicir, con outros períodos da mesma entidade, e no espazo, con outras empresas do sector de características similares.

1.2. Documentos contables

O Código de Comercio (Real Decreto de 22 de agosto de 1885 polo que se publica o Código de Comercio) establece que os empresarios levarán obrigatoriamente:

- Un libro de inventarios e contas anuais:
 - Balance inicial detallado da empresa.
 - Balances trimestrais de comprobación de sumas e saldos.

- Inventario de peche do exercicio.
- Contas anuais.
- Un libro de diario.
- As sociedades levarán, ademais, un ou varios libros de actas nos que constarán os acordos adoptados polas súas xuntas xerais e polos demais órganos colexiados.

O Código de Comercio establece que se debe levar un diario onde se rexistrarán día a día as operacións de actividade da empresa, se ben pódese resumir en asentos globais mensuais. Na práctica, as empresas levan un diario de operacións informatizado, pero non presentan o diario detallado ao ser moita información e moi detallada.

Outro documento contable é o libro de Maior, que non sendo obrigatorio, é moi útil xa que determina os saldos das contas contables a nivel de máximo detalle para cada data, o cal permite determinar: o que lle deben á empresa, quen, canto e cales, as obrigas, a quen debe, canto, desde cando, cando pagou, etc...

Os libros obrigatorios deberán ser obxecto de legalización no Rexistro Mercantil onde a empresa teña o seu domicilio social.

Para que a contabilidade cumpra co obxectivo de informar sobre a situación económica, financeira e patrimonial da empresa é preciso elaborar as contas anuais, que permiten coñecer a situación patrimonial da empresa e o resultado económico da xestión empresarial. As contas anuais están formadas por:

- Balance, que informa da situación patrimonial da empresa nun momento determinado.
- A conta de perdas e ganancias (PeG), tamén coñecida como conta de resultados, a cal reflicte a síntese dos distintos ingresos e gastos producidos ao longo dun período de tempo, clasificándoos segundo a súa natureza, e cuxa diferenza expresa o beneficio ou perda da empresa.
- Estado de cambios no patrimonio neto, que informa das variacións no valor e a composición do Patrimonio Neto da Empresa.
- O estado de fluxos de efectivo, que informa sobre a orixe e utilización dos activos monetarios representativos de efectivo e activos líquidos equivalentes.
- A memoria, na que se amplía e comenta a información contida nos anteriores documentos.

Debido á importancia destes documentos, iranse desenvolvendo estes temas en capítulos específicos, centrando a atención no Plan Xeral de Contabilidade das Pemes. Dada a vinculación entre as obrigas fiscais e contables, na táboa 1, recóllense as principais obrigas dunha empresa, xa que a presentación dos imposto, obriga a recoller as ditas obrigacións na contabilidade.

Táboa 1. Principais obrigas contables e fiscais das pequenas e medianas empresas

Data	Orixe	Concepto
Xaneiro	Fiscal	Modelo 111. Retencións e ingresos a conta do IRPF. Pago das retencións dos traballadores e profesionais independentes do trimestre anterior. Modelos 130/131. Pagos fraccionados IRPF empresarios individuais do trimestre anterior (estimación directa/estimación obxectiva ou módulos). Modelo 190. Retencións e ingresos a conta do IRPF. Resumo anual. Modelo 303. Liquidación do IVE do trimestre anterior. Modelo 390. Resumo anual do IVE do anterior ano.
Febreiro	Fiscal	Modelo 347. Declaración anual de operacións con terceiras persoas.
Abril	Fiscal	Modelo 111. Modelos 130/131. Modelo 202. 1º Pagamento fraccionado do imposto de sociedades do ano en curso. Modelo 303.
	Contable	Legalizacións do Inventario e Contas anuais no Rexistro Mercantil. Diario. Balance de Sumas e Saldos Apertura. Balance de Sumas e Saldos dos 4 trimestres. Balance de Situación. Contas de Perdas e Ganancias.
Xuño	Fiscal	IRPF Os empresarios individuais reflectirán os rendementos empresariais no ano anterior (AEAT,2020).
	Contable	Aprobación das contas anuais
Xullo	Fiscal	Modelo 111. Modelo 130/131. Modelo 200. Imposto sobre Sociedades.
	Contable	Presentación das contas anuais no Rexistro Mercantil. Balance de Situación PeG Memoria.
Outubro	Fiscal	Modelo 111. Modelo 130/131. Modelo 200. 2º Pagamento Imposto sobre Sociedades.
Decembro	Fiscal	Modelo 200. 3º Pagamento Imposto sobre Sociedades.

Fonte: Elaboración propia

1.3. Principios contables

A contabilidade das empresas, o rexistro e a valoración dos elementos de contas anuais, deberanse rexer, obrigatoriamente, polos principios que se indican a continuación:

- **Empresa en funcionamento.** Tamén coñecido como principio de xestión continuada, dispón que as contas anuais deben representar o funcionamento a futuro da empresa, non o valor do patrimonio neto a efectos da súa transmisión global ou parcial, ou a súa liquidación.
- **Devindicación.** A imputación de ingresos e gastos deberá realizarse en función da corrente real de bens ou servizos que os mesmos representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.
- **Uniformidade.** Unha vez adoptado un criterio deberá manterse no tempo e aplicarse a todos os elementos patrimoniais que teñan as mesmas características en tanto non se alteren os supostos que motivaron a elección de dito criterio.
- **Prudencia.** Deberase ser prudente nas estimacións e valoracións que se van realizar en condicións de incerteza. A prudencia non xustifica que a valoración dos elementos patrimoniais non responda á imaxe fiel que deben reflectir as contas anuais.
- **Non compensación.** En ningún caso poderán compensarse as partidas de activo e pasivo do balance nin as de gastos e ingresos que integran a conta de perdas e ganancias, establecidos nos modelos das contas anuais.
- **Importancia relativa.** É posible a non aplicación estrita dalgúns dos principios contables sempre e cando, a importancia relativa en termos cuantitativos da variación que tal feito produza, sexa escasamente significativa e, en consecuencia, non altere as contas anuais como expresión da imaxe fiel. As partidas cuxa importancia relativa sexa escasa poderán aparecer agrupadas con outras de similar natureza ou función.

Nos casos de conflito entre os principais principios contables obrigatorios deberá prevalecer o que mellor conduza a que as Contas Anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa.

2. Balance de situación e cadro de contas

2.1. Estrutura do balance. As masas patrimoniais

O balance de situación é un documento construído a partir da información contable que reflicte a composición do patrimonio dunha empresa, debidamente valorado, e nun momento determinado. Divídese en tres grandes bloques: activo, pasivo e patrimonio neto.

Enténdese por **activo** aqueles bens ou dereitos que posúe a empresa, e dos cales espera obter unha rendibilidade futura. Os elementos de activo clasifícanse en dúas grandes masas patrimoniais, atendendo ao seu maior ou menor grao de

liquidez, é dicir, á facilidade para converterse en diñeiro. Deste modo, pódese diferenciar entre:

- Activo non corrente (fixo): está formado polos bens, dereitos e outros recursos controlados economicamente pola empresa que non se converten pronto en diñeiro e que teñen un carácter permanente. Enténdese que pola súa natureza non se van converter en diñeiro antes dun ano. Algúns exemplos serían a maquinaria, elementos de transporte, aplicacións informáticas, etc...
- Activo corrente (circulante): está formado polos bens, dereitos e outros recursos controlados economicamente pola empresa que se prevé converter de forma inmediata en diñeiro, previsiblemente nun prazo máximo de un ano. Algúns exemplos serían as existencias, os clientes, o diñeiro en banco, etc...

Enténdese por **pasivo** o conxunto de débedas que ten a empresa con terceiros e o **patrimonio neto** como os recursos que teñen os propietarios dedicados á empresa. Os elementos que forman o pasivo e o patrimonio neto ordénanse seguindo o criterio de esixencia, é dicir, atendendo ao prazo ao que a empresa se lle esixe para o cumprimento das obrigas contraídas. As masas patrimoniais que conforman o patrimonio neto e o pasivo son as seguintes:

- Fondos propios: recursos aportados polos propietarios sen data de vencemento.
- Pasivo non corrente (fixo): está formado polas débedas cuxo vencemento se estipula a máis dun ano, é dicir, a longo prazo.
- Pasivo corrente (circulante): está formado polas débedas cuxo vencemento se estipula a curto prazo, é dicir, serán esixibles dentro dos seguintes 12 meses. Algúns exemplos serían: provedores, acredores e préstamos a un ano.

Polo tanto, a fórmula básica da contabilidade resúmese en que:

$$\text{Activo (bens e dereitos)} = \text{Patrimonio neto (Fondos Propios)} + \text{Pasivo (obrigas)}.$$

Táboa 2. Clasificación das masas patrimoniais do balance de situación

ACTIVO	PATRIMONIO NETO E PASIVO	
Non corrente ou fixo	Recursos permanentes	Fondos propios
		Fondos alleos a l/p
Corrente ou circulante	Pasivo circulante	Fondos alleos a c/p

Fonte: Elaboración propia

A estrutura do balance anteriormente exposta é ordenada polo Plan Xeral de Contabilidade (PXC) mediante unhas clasificacións chamadas Grupos de Contas,

regulados non Real Decreto 1514/2007, de 16 novembro. O Plan contén 9 grupos de contas:

Grupo 1: Financiamento básico

Grupo 2: Inmobilizado

Grupo 3: Existencias

Grupo 4: Acredores e debedores por operacións de tráfico

Grupo 5: Contas financeiras

Grupo 6: Compras e gastos

Grupo 7: Ventas e ingresos

Grupo 8: Gastos imputados a patrimonio neto

Grupo 9: Ingresos imputados a patrimonio neto

Os grupos 6 e 7 integran a Conta de Perdas e Ganancias (PeG). Os grupos 8 e 9 forman parte do estado de cambios no patrimonio neto.

Para as pequenas e medianas empresas o Plan Xeral de Contabilidade está regulado polo Real Decreto 1515/2007 de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas, e a diferenza, entre outras, radica en que os grupos de contas se reducen a sete.

Antes de explicar con detalle as contas que figuran no balance, na táboa 3 pódese apreciar un resumo das contas que figuran nun balance de situación a nivel de dous díxitos. As contas que non teñen asterisco só poden estar nesa parte do balance con saldo debedor ou acredor. A maioría das contas a nivel de 3 díxitos ou inferiores figurarán nesa parte do balance, pero pode haber contas que estean noutra parte; estas reflíctense con cursiva, como a de clientes, que sendo un dereito de cobro debe figurar no activo corrente, pero a conta anticipo de clientes, é unha obriga a curto prazo que figurará no pasivo. Existen outras contas que poden ter saldo debedor e figurar no balance, ou saldo acredor e figurar no pasivo; estas reflíctense en cursiva e negriña xa que o saldo poder ser de activo e ser un dereito, ou de pasivo e polo tanto unha obriga.

O **activo non corrente ou fixo** é o que corresponde ao grupo 2 do plan de contas aprobado, activos destinados a servir dun xeito duradeiro nas actividades da empresa, incluídas os investimentos financeiros cuxo vencemento, alleamento, ou realización se agarda nun prazo superior a un ano. Neste apartado recóllense as fianzas e depósitos a favor da empresa, que terá dereito a recibir, unha vez remate o contrato que obriga a dita fianza ou depósito.

Terá saldo debedor xa que é un activo da empresa. A perda de valor dos activos polo uso recolleranse na conta de amortización acumulada do inmobiliado con saldo debedor negativo, reducindo o valor do activo da empresa. O deterioro de valor dos activos por outras causas, funcionará do mesmo xeito, recollendo a perda de valor con saldo debedor negativo.

O **activo corrente ou circulante** correspóndese co grupo 3 (existencias), o cal figurará como activo corrente, pois a diferenza do inmobiliado, son activos adquiridos para ser vendidos, ou para o proceso de produción cuxa finalidade é vendelos no mercado. Terán, polo tanto, saldo positivo debedor e non se deprecian polo uso. Non obstante, poden perder valor, por deterioro, polo paso do tempo, de

tal xeito que os deterioros de valor se recollerán na subconta 39 (deterioro de valor nas existencias) que terán saldo debedor negativo.

Os dereitos de cobro por parte da empresa recóllense en contas do grupo 3. Así, as contas do subgrupo 43 (clientes) terán saldo positivo debedor, se ben contempla unha conta a nivel de tres díxitos con saldo acredor¹, que serían os anticipos dos clientes.

Todas as empresas manteñen relacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) que poden supoñer un dereito a favor con saldo debedor ou unha obriga, que terá un saldo acredor. Facendo unha análise global, a maioría das empresas adoitan ter máis obrigas que dereitos coas administracións públicas, pero o PXC contempla no subgrupo 47 (administracións públicas), subcontas a nivel de tres díxitos para os dereitos e para as obrigas. Así, a empresa pode ter dereitos de devolución de impostos recollidos na conta 470 (facenda pública, debedora por diversos conceptos). O IVE é un imposto indirecto (Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre Valor Engadido; e Real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido), que no réxime xeral é neutro², polo que pode ter un dereito sobre a AEAT por soportar máis cota que a repercutida aos clientes, habendo un saldo debedor a favor da empresa. Cando se liquida o imposto de sociedades, pode ser a base imponible negativa, xerándose unha cota negativa que supón un dereito de compensación en futuras liquidacións positivas do imposto de sociedades (Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades; Real Decreto 634/2015, de 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Imposto sobre Sociedades). Por outra banda, mentres non se liquide o IVE, trimestral ou mensual (para grandes empresas), as cotas soportadas son un dereito da empresa na liquidación do imposto, que se recolle na conta 472 (facenda pública, IVE soportado). Os pagamentos a conta dos impostos constitúen un dereito a favor da empresa que se recolle na conta 473 (facenda pública, retencións e pagos a conta): Imposto de Sociedades para as sociedades mercantís; pagos fraccionados do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) para empresarios individuais (Lei 35/2006, de 28 de novembro, sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio; Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado polo Real Decreto 304/2004, de 20 de febreiro) ou as retencións efectuadas pola Administración Pública.

Non todos os gastos facturados como tal se corresponden co exercicio, de tal xeito que a empresa ten a obriga de non consideralos como gasto corrente do exercicio e actualos como gastos futuros que se imputarán no exercicio do ano seguinte. Isto faise a través do subgrupo 480 (gastos anticipados).

¹ Refléctese na táboa 3 con cursiva porque sendo principalmente de saldo debedor pode ter de maneira non habitual un saldo acredor.

² Existen réximes nos que o IVE non é neutro para o empresario. Cando o IVE está exento, os IVEs soportados son un custo para a empresa, ou cando os comerciantes polo miúdo elixen o recargo de equivalencia.

O subgrupo 54 (outros investimentos financeiros a c/p) só pode ter un saldo debedor positivo. Non pasa o mesmo coa subconta 55 (outras contas non bancarias), xa que o saldo pode ser debedor e constituír un dereito, ou acredor e constituír unha obriga para a empresa. O mesmo acontece co subgrupo 56 (fianzas e depósitos a c/p), pois pode haber fianzas e depósitos a favor da empresa, como constituír obrigas de devolución e polo tanto, ter un saldo acredor.

O subgrupo 70 (tesourería) ten que ter saldo debedor, xa que constitúe os cartos en caixa e os depósitos en Bancos e Institucións. Agora ben, pode ter saldo negativo o que significa que está en números vermellos e, por tanto, ten unha obriga con algunha Institución Financeira. O que nunca pode haber é unha caixa negativa, aínda que ás veces aprécianse saldos contables negativos por un problema de imputación de datas, non sendo correcta esta situación.

Os **fondos propios** son o patrimonio neto da empresa, xa que teñen saldo acredor, e non constituén unha obriga. O grupo 1 ten saldo acredor e constituíe a financiación básica da empresa. Unha parte desta financiación básica non ten a obriga de devolvela cuns prazos e son recursos permanentes cos que conta a empresa. Serían os subgrupos 10 (capital), 11 (reservas), 12 (resultados pendentes de aplicación) e 13 (subvencións).

O **pasivo non corrente** forma parte do grupo 1 e son fondos alleos a longo prazo. Correspóndese con débedas, teñen saldo acredor e compóñeno principalmente os subgrupos: 14 (provisións), 17 (débeda a longo prazo por préstamos recibidos) e 18 (fianzas e garantías a longo prazo).

O **pasivo corrente (circulante)** son os fondos alleos a curto prazo. Unha fonte de financiamento a curto prazo constituíena os provedores, polo que teñen un saldo acredor. Non obstante, cando se fai un pagamento previo a un provedor, é un dereito, polo que terá un saldo debedor e formará parte do activo corrente a través da conta 407 (anticipo a provedores). De todas maneiras, o normal é que o subgrupo 40 (provedores) teña un resultado acredor, ao igual que o 41 (acreedores). O subgrupo 43 (clientes), só pode ter saldo acredor cando se recibiu un pagamento dun cliente, polo que constituíe unha obriga.

O normal é que o subgrupo 46 (persoal) teña saldo acredor, xa que constituíe a obriga de pagamento aos traballadores, desde o momento que se liquida a obriga a través das nóminas até o seu pagamento efectivo. Agora ben, pode haber anticipos ao persoal (460, anticipo de remuneracións) que terá saldo debedor, ao constituír un dereito de cobro para a empresa, que xeralmente o desconta da vindeira nómina.

A maioría das empresas teñen máis obrigas que dereitos coas Administracións Públicas, así se contempla a conta 475 (facenda pública, acreedora por conceptos fiscais). Esta desagregase por tipo de imposto:

- 4750 (facenda pública, acreedora por IVE). En canto ao imposto do IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre Valor Engadido; e Real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido), o normal é que o resultado do IVE repercutido sexa superior ao soportado, e constituía unha obriga que se coñeza a finais de cada trimestre, e se pague o 20 do mes seguinte. As empresas poden pedir un aprazamento do pago do

- IVE, cun custo financeiro. Este liquídase trimestralmente para as pemes, e mensualmente para as grandes empresa e as exportadoras.
- Outra obriga queda recollida na conta 4751 (facenda pública, acreedora por retencións practicadas). Esta conta reflicte a obriga de ingresar na AEAT as retencións practicadas aos traballadores polas súas retribucións (Lei 35/2006, de 28 de novembro, sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio; RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado polo Real Decreto 304/2004, de 20 de febreiro). Cada mes, a medida que se realiza a nómina, apartaranse as retencións ao persoal por conta allea, e recolleranse nesa conta. O día 20 do mes seguinte a cada trimestre ingresarase na Axencia Tributaria, e o día 20 de cada mes seguinte para grandes empresas. Tamén neste conta se recolle cando se retén aos profesionais independentes como notarios, rexistradores ou arquitectos, que emiten facturan polo seu traballo.
 - Outra obriga moi habitual para as empresas corresponde coa conta 4752 (facenda pública, acreedora por imposto de sociedades). Antes da legalización de libros no Rexistro Mercantil (cuxo prazo abarca desde o 1 de xaneiro ata o 30 de abril de cada ano), a empresa calculará e contabilizará o Imposto de Sociedades con data 31 de decembro do ano correspondente, de tal xeito que, se a cota resultante fose a favor da AEAT reflectirase con saldo acredor neste conta. O imposto liquidarase antes do 25 de xullo co pago do cota íntegra.

Outra obriga con outra Administración recóllese na conta 476 (organismos da Seguridade Social, acredores). Esta correspóndese coas cotas que pagan as empresas pola contratación do persoal, máis os descontos que fan das retribucións ao persoal. Sempre teñen saldo acredor e ingrésanse no último día do mes seguinte ao devindicar a nómina. Se a nómina ten lugar no mes de abril, a obriga de pagamento é no último día hábil do mes de maio, o cal explica o carácter acredor da conta.

Pode haber saldo acredor dos ingresos anticipados. Unha empresa puido ter facturado a prestación dun servizo que non prestou, impartir docencia, de tal xeito que existe un dereito de cobro, e reflíctense os ditos ingresos na conta 485 (ingresos anticipados), con saldo acredor, que se imputarán como ingresos no seguinte exercicio no que efectivamente se preste o servizo.

Os subgrupos 50 (empréstitos, débedas con características especiais) e 52 (débedas a curto prazo por préstamos recibidos), recollen financiamento a curto prazo, sendo obrigas con saldo acredor positivo que figurarán sempre no pasivo. O subgrupo 55 (outras contas non bancarias) pode ter subcontas con saldo debedor ou acredor, sendo posible que se reflicta como activo corrente ou como pasivo corrente. O mesmo pasa co subgrupo 56 (fianzas e depósitos a c/p).

Táboa 3. Clasificación das contas a nivel de dous díxitos no Balance de Situación

ACTIVO	PATRIMONIO NETO E PASIVO
Non corrente ou fixo	Fondos propios
20. Inmobilizado intanxible 21. Inmobilizado material 22. Investimentos inmobiliarios 23. Inmobilizados materiais en curso 24. Investimentos financeiros l/p vinculados 25. Outros investimentos financeiros a l/p 26. Fianzas e depósitos constituídos l/p 28. (-) Amortización do inmovilizado 29. (-) Deterioro do valor de activos	10. Capital 11. Reservas 12. Resultados pendentes aplicación 13. Subvencións, doazóns e axustes
	Pasivo non corrente (fondos alleos a l/p)
	14. Provisións 17. Débedas a l/p por préstamos recibidos 18. Fianzas e garantías a l/p
Corrente ou circulante	Pasivo corrente (circulante) Fondos alleos a c/p
30. Comerciais 31. Materias primas 32. Outros aprovisionamentos 33. Produtos en curso 34. Produtos semiterminados 35. Produtos terminados 36. Subprodutos, residuos 39. (-)Deterioro de valor nas existencias 43. <i>Clientes*</i> 44. Debedores 47. Administracións Públicas* 48. Axustes por periodificación* 54. Outros investimentos financeiros a c/p 55. Outras contas non bancarias* 56. Fianzas e depósitos a c/p* 57. Tesoureira	40. <i>Provedores*</i> 41. Acredores 43. Clientes 46. <i>Persoal*</i> 47. Administración Públicas* 48. Axustes por periodificación* 50. Empréstitos, débedas con características especiais 52. Débedas a curto prazo por préstamos recibidos 55. Outras contas non bancarios* 56. Fianzas e depósitos a c/p*

Fonte: Elaboración propia

2.2. Cadro de contas no balance

2.2.1. Activo non corrente ou inmovilizado

Corresponde ao **grupo 2 (activo non corrente)**. Este está composto polos bens, dereitos e recursos economicamente controlados pola empresa de forma duradeira e cuxa finalidade é permanecer na empresa máis dun ano. Dentro do activo non corrente atópanse os subgrupos que se presentan a continuación.

O **subgrupo 20 (inmovilizado intanxible)** corresponde a elementos patrimoniais intanxibles de carácter permanente constituídos por dereitos susceptibles de valoración económica. Dentro deste atópanse as seguintes contas:

- 200 (investigación). Indagación orixinal e planificada que persegue descubrir novos coñecementos ou superior comprensión dos xa existentes nos campos científicos e técnicos.
- 201 (desenvolvemento). Aplicación concreta dos logros obtidos na investigación ata que se inicia a produción en serie.
- 202 (concesións administrativas). Gastos efectuados para a obtención de dereitos de investigación ou de explotación outorgados polo Estado e outras Administración Públicas.
- 203 (propiedade industrial). Propiedade, ou dereito a uso, así como a concesión de uso das distintas manifestacións da propiedade industrial.
- 204 (fondo de comercio). Exceso pagado, na data de adquisición, sobre o valor dos activos identificables adquiridos menos os pasivos asumidos. Recolle intanxibles como a clientela, a marca, a posición no mercado, etc...
- 205 (dereitos de traspaso). Dereitos de arrendamento de locais.
- 206 (aplicacións informáticas). Programas informáticos a disposición da empresa.
- 209 (anticipos de inmovilizados inmateriais). Pagamentos feitos a conta de subministracións ou traballos futuros.

O **subgrupo 21 (inmovilizado material)** correspóndese cos elementos patrimoniais tanxibles, sexan mobles ou inmoles. Dentro deste atópanse as seguintes contas:

- 210 (terreos e bens naturais). Refírese a predios de natureza urbana, solares rústicas, outros terreos non urbanos, minas e canteiras.
- 211 (construcións). Corresponde a edificacións en xeral, calquera que sexa o seu destino dentro da actividade produtiva da empresa.
- 212 (instalacións técnicas). Abarca unidades complexas de uso especializado no proceso produtivo, que comprenden: edificacións, maquinaria, material, pezas, sistemas informáticos ligados a instalación, e repostos.
- 213 (maquinaria). Responde a bens de equipo mediante os cales se elaboran os produtos. Figurarán elementos de transporte interno que non saen ao exterior.
- 214 (utensilios). Refírese ao conxunto de utensilios ou ferramentas que poden ser empregadas de maneira autónoma.

- 215 (outras instalacións). Comprende o conxunto de elementos ligados de maneira definitiva para o seu funcionamento, con usos distintos dos sinalados no punto 212.
 - 216 (mobiliario). Correspóndese co mobiliario, material e equipos de oficina, con excepción dos que deben figurar na conta 217.
 - 217 (equipos para procesos de información). Atinxe a ordenadores e demais conxuntos electrónicos.
 - 218 (elementos de transporte). Comprende os vehículos de todas clases que poden ser empregados para o transporte terrestre, marítimo ou aéreo de persoas, animais ou bens.
 - 219 (outro inmovilizado material). Refírese a outras inmovilizacións materiais non incluídas nas demais contas do subgrupo 21.
- O **subgrupo 22 (investimentos inmobiliarios)** son os inmobles que se posúen para obter rendas, plusvalías ou ambas, en lugar de para o seu uso na actividade produtiva da empresa.
- 220. Terreos e bens naturais.
 - 221. Construcións.

O **subgrupo 23 (inmovilizados materiais en curso)** son os traballos de adaptación, construción ou montaxe ao peche do exercicio, realizados con anterioridade á posta en condicións do funcionamento dos distintos elementos do inmovilizado material, incluídos os realizados en inmobles.

O **subgrupo 24 (investimentos financeiros a longo prazo en partes vinculadas)** correspóndese cos investimentos financeiros a longo prazo en empresas do grupo, asociadas, e outras partes vinculadas, calquera que sexa a súa forma de instrumentación.

O **subgrupo 25 (outros investimentos financeiros a longo prazo)** é no que se atopan as contas que reflicten os investimentos que realiza a empresa na compra de accións, obrigacións ou outros títulos. Pódense diferenciar investimentos financeiros a longo prazo e as fianzas e depósitos constituídos a longo prazo.

O **subgrupo 26 (fianzas e depósitos constituídos a longo prazo)** é o efectivo entregado como garantía do cumprimento dunha obriga ou en concepto de depósito irregular, a prazo superior a un ano.

O **subgrupo 28 [(-) amortización acumulada do inmovilizado]**. Os elementos que forman parte do inmovilizado sofren unha depreciación ou perda de valor co paso dos anos como consecuencia de razóns de carácter técnico e económico derivadas do seu propio funcionamento, uso ou obsolescencia, isto é o que se coñece co nome de amortización.

- 280 [(-) amortización acumulada do inmovilizado intanxible]. Corrección de valor pola depreciación do inmovilizado intanxible (grupo 20) realizada de acordo co plan sistemático.
- 281 [(-) amortización acumulada do inmovilizado material]. Corrección de valor pola depreciación do inmovilizado material (grupo 21) realizada de acordo co plan sistemático.

- 282 [(-) amortización acumulada dos investimentos inmobiliarios]. Corrección de valor pola depreciación dos investimentos inmobiliarios (grupo 22) realizada de acordo co plan sistemático.

O balance debe reflectir esta perda de valor sufrida polo inmovilizado para poder informar da situación patrimonial real que ten a empresa. Este deterioro de valor contabilízase cada ano e acumúlase ao dos anos anteriores nunha conta denominada “Amortización Acumulada do Inmovilizado” que figura no activo, con signo negativo, expresando a perda de valor sufrida polo inmovilizado, desde a data na cal se adquiriu ata o momento actual. O valor neto contable do inmovilizado será, polo tanto, a diferenza entre o custo do inmovilizado e a perda de valor sufrida co paso dos anos por funcionamento, uso ou obsolescencia.

Valor neto contable do inmovilizado = Custo do ben – Amortización Acumulada.

Por tanto, cabe indicar que o inmovilizado será valorado inicialmente segundo o seu prezo de adquisición ou custo de produción, e posteriormente segundo o valor neto contable.

O **subgrupo 29 (deterioro do valor de activos non correntes)** responde á expresión contable das correccións do valor motivadas por perdas debidas á deterioración de valor dos elementos do activo non corrente. As máis comúns son as deterioracións do valor do inmovilizado que, en ocasións, sofre perdas de valor que non son consecuencia do seu funcionamento, uso ou obsolescencia. Estas perdas de valor teñen carácter accidental ou fortuíto, e deben recollese no balance de situación de forma estimada para que este reflexe a situación fiel da empresa. Ao igual que as amortizacións, figuran nunha conta de activo con signo negativo, concretamente na conta “Deterioro de Valor do Inmovilizado”, e teñen carácter reversible.

2.2.2. Activo corrente ou circulante

Recole aqueles bens e dereitos que a empresa ten de forma temporal, é dicir, con expectativa de converterse en diñeiro en menos dun ano. Dentro do activo circulante atópanse os grupos: grupo 3 (existencias), grupo 4 (debedores por operacións comerciais) e grupo 5 (contas financeiras).

O **grupo 3 (existencias)** son os bens que a empresa posúe para comercializar no curso ordinario de explotación, para ser transformados e vendidos posteriormente, ou para ser consumidos na produción de bens ou servizos. Algunhas das contas correspóndense cos subgrupos presentados a continuación.

O **subgrupo 30 (comerciais)** son os bens adquiridos pola empresa e destinados á venda sen transformación.

- 300 Mercadorías.

O **subgrupo 31 (materias primas)** representa a aquelas materias primas que, mediante elaboración ou transformación, se destinan a formar parte dos produtos fabricados.

No subgrupo 32 (outros aprovisionamentos) atópanse:

- 320 (elementos e conxuntos incorporables). Os fabricados normalmente fóra da empresa e adquiridos para a súa produción sen sometelos a transformación.
- 321 (combustibles). Materias enerxéticas susceptibles de almacenamento.
- 322 (repostos). Pezas destinadas a ser montadas en instalacións, equipos ou máquinas en substitución doutras semellantes.
- 325 (materiais diversos). Outras materias de consumo que non han de incorporarse ao produto fabricado.
- 326 (embalaxes). Cubertas ou envolturas, xeralmente irrecuperables, destinadas a resgardar produtos ou mercadorías que han de transportarse.
- 327 (envases). Recipientes ou vasillas, normalmente destinadas á venda conxunta co produto que conteñen.
- 328 (material de oficina). Destinado á súa propia denominación cunha vida superior a un ano.

O **subgrupo 33 (produtos en curso)** corresponde aos bens ou servizos que se atopan en fase de formación ou transformación nun centro de actividade ao peche do exercicio e que non han de rexistrarse nas contas dos subgrupos 34 ou 36.

O **subgrupo 34 (produtos semiterminados)** atinxe a aqueles produtos fabricados pola empresa e non destinados normalmente a súa venda ata tanto sexan obxecto de elaboración, incorporación ou transformación posterior.

O **subgrupo 35 (produtos terminados)** corresponde a aqueles produtos fabricados pola empresa e destinados ao consumo final ou á súa utilización por outras empresas.

O **subgrupo 36 (subprodutos, residuos e materiais recuperados)** representa a aqueles subprodutos de carácter secundario ou accesorio á fabricación principal.

O **subgrupo 39 (deterioro do valor das existencias)** é a expresión contable de perdas reversibles que se poñen de manifesto con motivo do inventario de existencias de peche do exercicio. O Plan Xeral Contable (Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade) contempla o deterioro de valor das existencias e defíneo como: “a expresión contable de perdas reversibles que se pon de manifesto con motivo do Inventario de Existencias de peche de exercicio” (p. 189). Este deterioro recóllese nunha conta de activo, con signo negativo, denominada *Deterioro de Valor*.

As existencias valoraranse inicialmente segundo o seu prezo de adquisición ou custo de produción. As empresas deben facer un inventario que lle permita coñecer cantas unidades ten ao peche do exercicio e cal é o seu valor. Para iso existen dous métodos de valoración de existencias :

- Prezo Medio Ponderado. As unidades existentes no almacén valóranse ao promedio do seu custo de adquisición ou fabricación.
- Método FIFO. A primeira que entra é a primeira que sae.

Ao final do exercicio o prezo de adquisición ou custo de produción axustarase coas correspondentes depreciacións de valor.

O grupo 4 (debedores por operacións comerciais). Non todo o grupo 4 vai no activo corrente, xa que existen partidas que pertencen ao pasivo corrente, neste apartado vanse reflectir os debedores por operacións comerciais. Representan os dereitos de cobro sobre unha débeda contraída por un terceiro. As contas máis empregadas deste subgrupo son as presentadas a continuación.

O **subgrupo 40 (provedores)** figura no pasivo corrente, agás da seguinte conta:

- 407 (anticipos a provedores), que son entregas a provedores, normalmente en efectivo, en concepto de “a conta” de subministracións futuras.

O **subgrupo 43 (clientes)** corresponde aos dereitos de cobro por operacións con clientes.

- 430 (clientes). Créditos con compradores de mercadorías e demais bens definidos no grupo 3.
- 431 (clientes, efectos comerciais a cobrar). A diferenza da conta anterior, estes dispoñen dun efecto que é un documento de compromiso de pago onde se fixa o vencemento da cantidade debida. O efecto establece unha garantía de cobro, así como a conversión en diñeiro antes de chegar á data de vencemento, entregando o mesmo no Banco para que nos adianten o diñeiro.
- 432 (clientes, operacións de *factoring*). Créditos con clientes que se concederon en operacións de *factoring* nas que a empresa retén substancialmente os riscos e beneficios dos dereitos de cobro.
- 433/34/35 (clientes, empresas do grupo/empresas asociadas/outras partes vinculadas). Créditos coas empresas do grupo, asociadas ou vinculadas en calidade de clientes.
- 436 (clientes de dubidoso cobro). Saldos de clientes nos que concorran circunstancias que permitan razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.
- 437 [(-) envases e embalaxes a devolver por clientes]. Importe dos envases e embalaxes cargados en facturas a clientes, con facultade de devolución por estes.

O **subgrupo 44 (debedores)** corresponde aos créditos con compradores de servizos que non teñen a condición estrita de clientes e con outros debedores de tráfico.

- 440 (debedores). Dereitos de cobro con compradores que non corresponden ás operacións de venda ou prestación de servizos obxecto da empresa.
- 441 (debedores, efectos comerciais a cobrar). Créditos con debedores, formalizados en efectos de xiro aceptados.
- 446 (debedores de dubidoso cobro). Saldos nos que concorran circunstancias que permitan razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.

O **subgrupo 46 (persoal)** son os saldos con persoas que prestan os seus servizos á empresa nas que se instrumentan os compromisos de retribución.

- 460 (anticipo de remuneracións). Entregas a conta de remuneracións aos empregados da empresa.

O **subgrupo 47 (Administracións Públicas)**. No activo corrente reflíctense os dereitos que se teñen a favor coas Administracións Públicas.

- 470 (facenda pública, debedora por diversos conceptos). Subvencións, compensacións, desgravacións, devolucións de impostos e, en xeral, cantas percepcións sexan debidas polas Administracións Públicas, excluída a Seguridade Social.
- 471 (organismos da Seguridade Social, debedores). Créditos a favor da empresa, dos diversos Organismos da Seguridade Social, relacionados coas prestacións sociais que eles efectúan.
- 472 (facenda pública, IVE soportado). IVE devindicado con motivo da adquisición de bens e servizos e doutras operacións comprendidas no texto legal, que teña carácter deducible.
- 473 (facenda pública, retencións e pagos a conta). Cantidades retidas á empresa e pagos realizados pola mesma á conta de impostos.
- 474 (activos por imposto diferido). Activos por diferenzas temporais, créditos polo dereito a compensar en exercicios posteriores ás bases impoñibles negativas.

No **subgrupo 48 (axustes por periodización)** figura o subgrupo:

- 480 (gastos anticipados). Gastos contabilizados no exercicio que se pecha e que corresponden ao seguinte.

O **grupo 5 (contas financeiras)** contempla os instrumentos financeiros por operacións non comerciais, é dicir, por operacións alleas ao tráfico cuxo vencemento, ou realización se espera producir nun prazo non superior a un ano e líquidos dispoñibles. Dentro deste grupo atópanse os subgrupos presentados a continuación.

O **subgrupo 54 (outros investimentos financeiros a curto prazo)**. Neste subgrupo atópanse os investimentos financeiros temporais non relacionados con partes vinculadas, calquera que sexa súa forma de instrumentación, con vencemento non superior a un ano.

- 540 (investimentos financeiros temporais en instrumentos de patrimonio). Investimentos a curto prazo en dereitos sobre patrimonio neto de entidades que non teñan a consideración de partes vinculadas.
- 542 (créditos a curto prazo). Préstamos e outros créditos non comerciais concedidos a terceiros, con vencemento non superior a un ano.
- 544 (créditos a curto prazo ao persoal). Créditos concedidos ao persoal da empresa, que non teñan a cualificación de parte vinculada, cuxo vencemento non sexa superior a un ano.
- 545 (dividendo a cobrar). Créditos por dividendos, sexan definitivos ou a conta, pendentos de cobro.

- 548 (imposicións a curto prazo). Saldos favorables en Bancos e Institucións de Crédito formalizados con medios de “conta a prazo” ou similares, con vencemento non superior a un ano e de acordo coas condicións que rexen para o sistema financeiro.

No **subgrupo 55 (outras contas non bancarias)** figuran as seguintes contas:

- 550 (titular da explotación). Conta corrente mantida co titular da explotación que expresa a relación existente entre o patrimonio persoal do titular e a empresa ao longo do exercicio.
- 551 (contas correntes con socios e administradores). Contas correntes de efectivo con socios, administradores e calquera outra persoa natural ou xurídica que non sexa Banco, Institución de Crédito, nin cliente ou provedor da empresa, e que non corresponde a contas de participación.

O **subgrupo 56 (fianzas e depósitos recibidos e constituídos a c/p)**. As fianzas e depósitos recibidos ou constituídos e as garantías financeiras concedidas a longo prazo, que teñan vencemento a curto, deberán figurar no pasivo ou no activo corrente. No activo figurarán:

- 565 (fianzas constituídas a curto prazo). Efectivo entregado como garantía do cumprimento dunha obrigaón, a prazo non superior a un ano.
- 566 (depósitos constituídos a curto prazo). Efectivo entregado en concepto de depósito irregular, a prazo non superior a un ano.

No **subgrupo 57 (tesourería)** contémplanse as seguintes contas:

- 570 (Caixa), que se refire á dispoñibilidade de medios líquidos en caixa.
- 572/573/574/575 (bancos e institucións de crédito). Estas correspóndense cos saldos a favor da empresa en contas correntes á vista e de aforro, de dispoñibilidade inmediata en bancos e institucións de crédito.

2.2.3. Patrimonio neto

O patrimonio neto está formado polos fondos propios da empresa e o pasivo, e representa as obrigas ou débedas que ten contraída a empresa con terceiros, é dicir, os fondos alleos. Ambos constitúen a fonte de financiación da empresa. O patrimonio neto da empresa componse fundamentalmente dos seguintes subgrupos do **grupo 1 (financiamento básico)** presentados a continuación.

O **subgrupo 10 (capital)** está composto polas aportacións dos propietarios, tanto en diñeiro como en especie, á empresa a fondo perdido.

- 100 (capital social). Capital escriturado nas sociedades que revistan forma mercantil, salvo cando atendendo ás características económicas da emisión deba contabilizarse como pasivo financeiro.
- 101 (fondo social). Capital das entidades sen forma mercantil.
- 102 (capital). Corresponde ás empresas individuais.

O **subgrupo 11 (reservas)** refire os beneficios obtidos pola empresa que non son distribuídos e que permanecen na empresa como fondos propios. Dentro destas atopamos os seguintes tipos.

- 112 (reserva legal). Reserva regulada segundo o Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital. Existe a obriga para as empresas de dotar un importe mínimo ou igual ao 10 % do beneficio do exercicio non distribuído, ata que esta alcance, ao menos, o 20 % do capital social.
- 113 (reservas voluntarias). Son as constituídas libremente pola empresa, por tanto, son de libre disposición.
- 114 (reservas especiais). Estas son establecidas polos estatutos da empresa.

No **subgrupo 12 (resultados pendentes de aplicación)** agrúpanse os resultados negativos dos diversos anos de vida da empresa. Se os resultados supuxeron un beneficio para a empresa, o seu importe aparecerá con signo positivo, o que suporá un incremento do patrimonio neto. Non obstante, se se producen perdas no ano, o seu saldo aparecerá con signo negativo e diminuírá o seu valor.

- 120 (remanente). Beneficios non repartidos nin aplicados concretamente a ningunha outra conta, tras a aprobación das contas anuais e da distribución de resultados.
- 121 (resultados negativos de exercicios anteriores).
- 129 (resultado do exercicio). Resultado, positivo ou negativo, do último exercicio pechado, pendente de aplicación.

O **subgrupo 13 (subvencións, doazóns e axustes por cambio de valor)** contempla as subvencións, doazóns e legados, non reintegrables, outorgadas por terceiros distintos aos socios ou propietarios, contabilizados no patrimonio neto, ata a súa imputación na conta de resultados. As contas deste subgrupo figurarán no patrimonio neto.

- 130 (subvencións oficiais de capital). Estas son as concedidas polas Administracións Públicas, tanto nacionais como internacionais, para o establecemento ou estrutura fixa da empresa cando non sexan reintegrables.
- 131 (doazóns e legados de capital). Estas corresponden ás doazóns e legados concedidos por empresas ou particulares, para o establecemento ou estrutura fixa da empresa (activos non correntes) cando non sexan reintegrables.

2.2.4. Pasivo non corrente ou fixo

Está constituído polos recursos alleos á empresa que son esixibles a longo prazo. As contas que aparecerán nesta epígrafe serán representativas de préstamos recibidos, tales como débedas a longo prazo con entidades de crédito, empréstitos, provedores de inmovilizado, etc...

O **subgrupo 14 (provisións)** contempla as obrigas expresas ou tácitas a longo prazo, claramente especificadas en canto á súa natureza, pero que, na data de peche do exercicio, son indeterminadas en canto ao seu importe exacto ou a data na que se producirán. Figurarán no pasivo non corrente da empresa.

- 140 (provisións por retribución a longo prazo). Obrigas legais, contractuais ou implícitas co persoal da empresa, distintas das recollidas nas contas 146 e 147, sobre as que existe incerteza no que atinxe á súa contía ou vencemento.
- 141 (provisións para impostos). Importe destinado a débedas tributarias cuxo pago está indeterminado en canto ao seu importe exacto ou a data en que se producirá.

O **subgrupo 17 (débedas a longo prazo por préstamos recibidos, empréstitos e outros conceptos)** recolle a seguintes contas:

- 170 (débedas a longo prazo con entidades de crédito). Refírese ás contraídas con entidades de crédito por préstamos recibidos e outros débitos, con vencemento superior a un ano.
- 171 (débedas a longo prazo). As contraídas con terceiros por préstamos recibidos e outros débitos, con vencemento superior a un ano.
- 173 (provedores de inmovilizado a longo prazo). Débedas con subministradores de bens definidos no grupo 2, con vencemento superior a un ano.

En canto ao **subgrupo 18 (fianzas e garantías a longo prazo)**, a parte das fianzas, anticipos e depósitos recibidos concedidos a longo prazo cuxo vencemento ou extinción se espera a curto prazo, deberá figurar no pasivo corrente do balance, na epígrafe “débedas a curto prazo”.

- 180 (fianzas recibidas a longo prazo). Efectivo recibido como garantía de cumprimento dunha obriga, a prazo superior a un ano.

2.2.5. Pasivo corrente ou circulante

O pasivo corrente ou circulante agrupa todas aquelas débedas ás que a empresa ten que facer fronte nun prazo inferior a un ano. Nesta epígrafe figuran os grupos 4 e 5. No **grupo 4 (acreedores por operacións comerciais)** obsérvanse o subgrupos presentados a continuación.

Nos **subgrupos 40/41 (provedores/acreedores)**, as contas máis empregadas son as seguintes:

- 400 (provedores). Débedas con subministradores de mercancías e dos demais bens definidos no grupo 3.
- 410 (acreedores por prestación de servizos). Débedas con subministradores de servizos que non teñen a condición estrita de provedores.

No **subgrupo 43 (clientes)** figura a conta:

- 438 (anticipos de clientes), que se corresponde coas entregas de clientes en concepto de “a conta” de subministracións futuras.

No **subgrupos 46 (persoal)** contéplase a conta:

- 465 (remuneracións pendentes de pago), que abarca as entregas a conta de remuneracións ao persoal da empresa.

No **subgrupo 47 (administracións públicas)** figuran as contas:

- 475 (facenda pública, acreedora por conceptos fiscais). Tributos a favor das Administracións Públicas, pendentes de pago, tanto se a empresa é contribuínte como se non é pero ten a obriga de recadar.
- 476 (organismos da Seguridade Social, acredores). Débedas pendentes con Organismos da Seguridade Social como consecuencia das prestacións que estes realizan.
- 477 (facenda pública, IVE repercutido). IVE repercutido con motivo da entrega de bens ou da prestación de servizos e doutras operacións comprendidas no texto legal.
- 479 (pasivos por diferenzas temporarias). Diferenzas que darán lugar a maiores cantidades a pagar ou menores cantidades a devolver por impostos sobre beneficios en exercicios futuros.

O **subgrupo 48 (axustes por periodización)** contén a seguinte conta:

- 485 (ingresos anticipados), que se corresponde cos ingresos contabilizados no exercicio que se pecha e que corresponde ao seguinte.

O **grupo 5 (contas financeiras)** reflicte os instrumentos financeiros por operacións non comerciais, é dicir, por operacións alleas ao tráfico cuxo vencemento, alleamento ou realización se espera producir nun prazo non superior a un ano e medios líquidos dispoñibles. Neste grupo contémplanse os seguintes subgrupos presentados a continuación.

O **subgrupo 50 (empréstitos, débedas con características especiais e outras emisións análogas a curto prazo)** corresponde á financiación allea instrumentada en valores negociables, cuxo vencemento vai a producirse nun prazo non superior ao ano. Neste subgrupo destacan as contas:

- 500 (obrigas e bonos a curto prazo).
- 501 (obrigas e bonos convertibles a curto prazo).
- 505 (débedas representadas noutros valores negociables a curto prazo).
- 506 (intereses de empréstitos e outras emisións análogas).

O **subgrupo 52 (débedas a curto prazo por préstamos recibidos e outros conceptos)** responde á financiación allea a curto prazo non instrumentada en valores negociables nin contraída con persoas ou entidades que teñan a cualificación de partes vinculadas, incluíndo os dividendos a pagar.

- 520 (débedas a curto prazo con entidades de crédito). As contraídas con entidades de crédito por préstamos recibidos e outros débitos, con vencemento non superior a un ano.
- 521 (débedas a curto prazo). Débedas a curto prazo con terceiros por préstamos recibidos e outros débitos non incluídos en outras contas deste subgrupo.
- 523 (provedores de inmovilizado a curto prazo). Débedas con subministradores de bens definidos no grupo 2, con vencemento non superior a un ano.
- 524 (acreedores por arrendamento financeiro a curto prazo). Débedas con vencemento non superior a un ano con outras entidades en calidade de cedentes do uso de bens, en acordos que deben cualificarse como arrendamentos financeiros nos termos recollidos nas normas de rexistro e valoración.
- 525 (efectos para pagar a curto prazo). Débedas contraídas por préstamos recibidos e outros débitos con vencemento non superior a un ano, instrumentadas mediante efectos de xiro, incluídas aquelas que teñan a súa orixe en subministracións de bens de inmovilizado.
- 527/528 (intereses a curto prazo de débedas con entidades de crédito/ outras débedas). Intereses para pagar, con vencemento a curto prazo, de débedas con entidades de crédito/outros.

O **subgrupo 55 (outras contas non bancarias)** contén as seguintes contas:

- 550 (titular da explotación). Conta corrente mantida co titular da explotación que expresa a relación existente entre o patrimonio persoal do titular e a empresa ao longo do exercicio.
- 551 (contas correntes con socios e administradores). Contas correntes de efectivo con socios, administradores e calquera outra persoa natural ou xurídica que non sexa Banco, Institución de Crédito, nin cliente ou provedor da empresa, e que non corresponden a contas de participación.
- 555 (partidas pendentes de aplicación). Remesas de fondos recibidas cuxa causa non resulte identificable e sempre que non correspondan a operacións que pola súa natureza deban incluírse noutros grupos.

En canto ao **subgrupo 56 (fianzas e depósitos recibidos a c/p)**, correspóndese coas fianzas e depósitos recibidos ou constituídos e garantías financeiras concedidas que teñan vencemento a curto. Poderán figurar no pasivo ou no activo corrente según sexa un activo o unha obriga. No pasivo figurarán:

- 560 (fianzas recibidas a curto prazo). Efectivo recibido como garantía do cumprimento dunha obriga, a prazo non superior a un ano.
- 561 (depósitos constituídos a curto prazo). Efectivo recibido en concepto de depósito irregular, a prazo non superior a un ano.

2.3. Exercício: elaboración dun balance de situación

A tarefa consiste en agrupar os elementos patrimoniais distinguindo: os activos correntes e non correntes; e os inmovilizados materiais e inmateriais. Do mesmo modo, haberá que distinguir entre o patrimonio neto e o pasivo e, dentro deste último, diferenciando entre esixible a curto e a longo prazo.

Exercicio 1. Elaboración do balance de situación

Elementos patrimoniais de activo, neto e pasivo a 31 de decembro	
-Diñeiro en contas correntes á vista de entidades bancarias	7.000 €
-Diñeiro en caixa da empresa	1.000 €
-Facturas pendentes de cobrar a distintos clientes	220.000 €
-Letras aceptadas por clientes, pendentes de vencemento	15.000 €
-Materias primas almacenadas	100.000 €
-Edificio propiedade da empresa	150.000 €
-Existencias	150.000 €
-Vehículos para o reparto das vendas	90.000 €
-Accións adquiridas doutras empresas.	11.000 €
-Mobiliario de tenda e oficina	20.000 €
-Patente adquirida para utilizar un novo método	9.000 €
-Facturas pendentes de pago emitidas por entregas de provedores	95.000 €
-Letras aceptadas por JAIMITADAS S.A., a provedores	42.000 €
-Préstamo concedido por bancos a devolver a curto prazo	50.000 €
-Préstamo concedido por bancos a devolver a longo prazo	150.000 €
-Débedas con Facenda por impostos pendentes de pago	16.000 €
-Reservas constituídas en anos anteriores	80.000 €
-Achegas dos socios	300.000 €
-Maquinaria	100.000 €
-Amortización acumulada do inmovilizado material	90.000 €
-Resultados do exercicio (beneficios)	50.000 €

Fonte: Elaboración propia

Solución Exercício 1. Elaboración dun balance de situación

ACTIVO	PATRIMONIO NETO E PASIVO
Activo non corrente279.000	Patrimonio neto (non esixible) 430.000
-Inmobilizado inmaterial9.000	-Capital social 300.000
Propiedade industrial.....9.000	-Reservas 80.000
-Inmobilizado material270.000	-Resultado do exercicio 50.000
Construcións.....150.000	Pasivo non corrente.....150.000
Elementos de transporte..... 90.000	-Débedas l/p con entidades bancarias
Mobiliario 20.000	150.000
Maquinaria100.000	Pasivo corrente (esixible c/p)....203.000
Amortización acum.	-Provedores 95.000
Inm. Inmat.....(90.000)	-Efectos comerciais a pagar 42.000
Activo corrente.....504.000	-Facenda pública acreedora 16.000
-Materias primas.....100.000	-Débedas c/p con entidades de
-Produtos terminados150.000	crédito 50.000
-Clientes220.000	
-Efectos comerciais a cobrar15.000	
-Investimentos financeiros	
temporais11.000	
-Bancos c/c vista 7.000	
-Caixa 1.000	
TOTAL ACTIVO783.000	TOTAL PN E PASIVO.....783.000

Fonte: Elaboración propia

3. A conta de perdas e ganancias (PeG). As contas de xestión

3.1. Estrutura da conta de resultados

A conta de resultados defínese como o estado contable que reflicte a síntese dos distintos ingresos e gastos producidos ao longo dun período de tempo, clasificados segundo a súa natureza, e cuxa diferenza expresa o beneficio ou a perda da empresa. Antes de continuar ca definición, convén aclarar o concepto de ingreso e de gasto:

- Os **ingresos** corresponden aos aumentos do patrimonio neto da empresa distintos das aportacións dos socios.

- Os **gastos** son as diminucións do patrimonio neto da empresa, distintas das cantidades retiradas polos socios.

Tamén coñecido como *conta de perdas e ganancias (PeG)*, este documento informa da orixe e da composición dos resultados obtidos pola empresa. É un documento moi útil xa que recolle ao final de cada exercicio e de forma detallada os beneficios (se os ingresos superan aos gastos) ou as perdas (se os gastos son maiores que os ingresos). Obsérvase a súa estrutura na táboa 4.

Táboa 4. Esquema resumido da Conta de Perdas e Ganancias (PeG)

Ingresos de explotación
(Gastos de explotación)
A. Resultado de explotación
Ingresos financeiros
(Gastos financeiros)
B. Resultado financeiro
C. Resultado antes de impostos (A+B)
D. (Impostos sobre beneficios)
E. Resultado do exercicio (C+D)

Fonte: Elaboración propia

Na táboa 5 reflíctese a conta de perdas e ganancias abreviada do exercicio, relacionando as partidas coas contas do grupo 6 (compras e gastos) e grupo 7 (ventas e ingresos) a nivel de dous díxitos. A conta de resultados calcúlase coas contas dos grupos 6 e 7, a tres e catro díxitos; polo tanto, o reflectido na táboa 5 non corresponde coa realidade profunda, pero permite calcular e entender a conta de resultados a un nivel de máxima agregación de subconta.

O **importe da cifra de negocios** é todo o relativo ás vendas por produtos ben sexan mercados, fabricados ou prestados. O que constitúe a actividade mercantil da empresa que está reflectido no subgrupo **71 (ventas de mercadorías, produción propia e servizos)**. Todo o que supoña ingresos e entradas de recursos vai en positivo, sen embargo, o que supoña gasto ou saídas vai en negativo.

A **variación de existencias** correspóndese co **subgrupo 71 (variación de existencias de produtos terminados)**, que recolle a diferenza de valor das existencias de produtos en curso, semiterminados ou terminados entre o comezo e o final do exercicio. Se suben as existencias terán un signo positivo, o que significa que aumentaron de valor, e supón maiores ingresos. Sería como se houbose unha venda interna desde a fábrica ao almacén a custo de fabricación; polo tanto, neutraliza o

gasto contabilizado previamente como recursos consumidos para fabricar algo que existe en almacén e que non foi vendido. Se baixan as existencias tería signo negativo, xa que están facturadas e non están no almacén da empresa.

No que respecta aos **traballos realizados pola empresa para o seu activo**, estes recollen os saldos positivos das contas do **subgrupo 73 (traballos realizados para a empresa)** e correspóndese cos traballos realizados con recursos propios para a propia empresa. A elaboración dun inmovilizado feito polos traballadores da empresa con consumibles dos almacéns, supón ingresar os gastos que se están a capitalizar, de tal xeito que está reflectido en gastos, en ingresos e como activo, o que supón un efecto neutro para a conta de resultados, e se amortizará a futuro vía gasto pola depreciación do activo.

Os **aprovisionamentos** reflíctense nos **subgrupos 60 (compra de mercadorías)** e **61 (variación de existencias)**. Cando se merca algo vai a gasto con signo negativo, pero o que non se venda está en almacén e aumenta o valor das existencia con signo positivo. Se baixan as existencias ao final do exercicio respecto ao inicio do exercicio significa que se facturaron (ou desapareceron por deterioro ou roubo) e polo tanto terían signo negativo. A **marxe de vendas** non é un concepto normalizado da conta de resultados, polo tanto non é obrigatorio, pero é moi útil xa que recolle a diferenza entre os ingresos e os custos variables, o cal permite calcular o punto morto da empresa.

Un ingreso que non é comercial pero si é de explotación clasifícase como outros ingresos de explotación tales como as subvencións que se reflicten no **subgrupo 74 (subvencións á explotación)**, que se perciben das administracións públicas polo cumprimento duns requisitos; e **75 (outros ingresos de xestión)**, que corresponde aos ingresos non habituais por operacións non comerciais. Como custos fixos ou semifixos figuran:

- Os gastos de persoal, que se nutren con signo negativo do **subgrupo 64 (gastos de persoal)**.
- Outros gastos de explotación, onde se recollen principalmente os gastos con signo negativo no **subgrupo 62 (servizos exteriores)**.
- Tamén se imputan contas a nivel de 3 díxitos como **631 (outros tributos)**, onde se imputan tributos locais e taxas.

En canto á **amortización do inmovilizado**, onde se reflicten os gastos pola depreciación dos bens do inmovilizado da empresa, recóllense con signo negativo os saldos do **subgrupo 68 (dotación para a amortización)**.

Non son moi correntes as subvencións polo capital, excesos de provisións ou deterioracións. A suma dos saldos dos apartados do 1 ao 11 (táboa 5) compoñen o apartado **resultados de explotación**, podendo ter saldo positivo ou negativo.

O apartado B da táboa 5 corresponde á parte financeira, na que figuran principalmente os ingresos financeiros no apartado 12 que terán saldo positivo (aboamentos) compostos polo **subgrupo 76 (ingresos financeiros)** e os gastos financeiros reflectidos no apartado 13, cos saldos das contas do **subgrupo 66 (gastos financeiros)** con saldo negativo. Se se lle engaden os apartados 14, 15 e 16 (pouco habituais nas pequenas e medianas empresas) obtense o apartado de **resultados**

financeiros, que pode ser de saldo positivo ou negativo, se ben é máis normal ter máis gastos que ingresos financeiros.

O **resultado antes de impostos** (apartado C da táboa 5) calcúlase como a suma dos resultados de explotación e financeiros. Posteriormente réstase o imposto sobre beneficios que se recolle na subconta 630 (imposto sobre beneficios), así como os axustes negativos na imposición sobre beneficios. Se o resultado fose negativo a empresa poderá compensar con futuros beneficios e reducir os futuros impostos sobre beneficios.

Non todo o saldo do **subgrupo 63 (tributos)** vai no apartado 17 (imposto sobre beneficios), porque o saldo da subconta **631 (outros tributos)** impútase no apartado 7 da táboa 5 (outros gastos de explotación).

Táboa 5. Estrutura da Conta de PeG abreviada do exercicio

Conceptos/ nº contas	Ano x Importe	Ano x-1 Importe
1. Importe da cifra de negocios		
70. Ventas de mercadorías, produción propia, servizos	+	
2. Variación de existencias de produtos terminados		
71. Variación de existencias	+ -	
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
73. Traballos realizados para a empresa	+	
4. Aprovisionamentos		
60. Compras	+	
61. Variación de existencias	+ -	
MARXE DE VENDAS (1+2+3+4)		
5. Outros ingresos de explotación		
74. Subvencións á explotación	+	
75. Outros ingresos de xestión	+	
6. Gastos de persoal		
64. Gastos de persoal	+	
7. Outros gastos de explotación		
62. Servizos exteriores	-	
65. Outros gastos de xestión	-	
8. Amortización do inmovilizado		
68. Dotacións para a amortización	-	
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras		
10. Excesos de provisións		
79. Excesos e aplicacións de provisións de perdas por deterioro	+	

Conceptos/ nº contas	Ano x Importe	Ano x-1 Importe
11. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado		
67. Perdas procedentes do inmovilizado e gastos excepcionais	-	
69. Perdas por deterioro e outras dotacións	-	
77. Contas de beneficios procedentes do inmovilizado e ingresos excepcionais	+	
79. Excesos e aplicacións de provisións de perdas por deterioro	+	
A) RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN (1+..+11)	+ -	
12. Ingresos financeiros		
76. Ingresos financeiros	+	
13. Gastos financeiros		
66. Gastos financeiros	-	
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros	+ -	
15. Diferenzas de cambio	+ -	
16. Deterioro e resultado por alleamento	-	
B) RESULTADO FINANCIERO (12+13+14+15+16)	+ -	
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A + B)		
17. Impostos sobre beneficios.		
630. Impostos sobre beneficios.		
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C + 17)		

Fonte: Elaboración propia

3.2. Cadro de Contas no PeG

3.2.1. Compras e gastos

O Plan Xeral de Contabilidade define as contas de compras e gastos do grupo 6 como: “aprovisionamentos en mercadorías e demais bens adquiridos pola empresa para revendelos, ben sexa sen alterar a súa forma e substancia, ou previo sometemento a procesos industriais de adaptación, transformación ou construción” (p. 228). Ademais, tamén asevera que: “Comprende tamén todos os gastos do exercicio, incluídas as adquisicións de servizos e de materiais consumibles, a variación de existencias adquiridas e outros gastos e perdas do exercicio” (RD 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, p. 228). Dentro destas atopamos os subgrupos presentados a continuación.

O **subgrupo 60 (compras)** recolle os gastos nos que incorre a empresa na compra de existencias para o desenvolvemento da súa actividade. Diferéncianse as seguintes contas:

- 600 (compras de mercadorías). Aprovisionamentos de empresa en bens incluídos no subgrupo 30.
- 601 (compras de materias primas). Aprovisionamentos de empresa en bens incluídos no subgrupo 3.
- 602 (compras doutros aprovisionamentos). Aprovisionamentos de empresa en bens incluídos no subgrupo 32.
- 606 (descontos sobre compras por pronto pago). Descontos e asimilados que concedan os provedores á empresa por pronto pago, non incluídas en factura.
- 607 (traballos realizados por outras empresas). Traballos que, formando parte do proceso de produción propia, se encarguen a outras empresas.
- 608 (devolucións de compras e outras operacións).
- 609 (rappels por compras). Descontos e similares baseados en alcanzar un determinado volume de pedidos.

O **subgrupo 61 (variación de existencias)** emprégase para a regularización das existencias ao final de cada exercicio económico. Entre elas atópanse as seguintes contas:

- 610 (variación de existencias de mercadorías). Rexistran, ao peche do exercicio, as variacións entre as existencias finais e iniciais, correspondentes ao grupo 30.
- 611 (variación de existencias de materias primas). Rexistran, ao peche do exercicio, as variacións entre as existencias finais e iniciais, correspondentes ao grupo 31.
- 612 (variación doutros aprovisionamentos). Rexistran, ao peche do exercicio, as variacións entre as existencias finais e iniciais, correspondentes ao grupo 32.

O **subgrupo 62 (servizos exteriores)** recolle os servizos de natureza diversa adquiridos pola empresa, non incluídos no subgrupo 60 e que non forman parte do prezo de adquisición do inmovilizado ou dos investimentos financeiros a curto prazo. Dentro deste subgrupo pódense atopar as seguintes contas:

- 620 (gastos en investigación e desenvolvemento do exercicio). Comprende os gastos de investigación e desenvolvemento por servizos encargados a outras empresas.
- 621 (arrendamentos e canons). O arrendamento defínese como gasto devengado polo arrendamento de bens mobles e inmobles en uso ou a disposición da empresa. Por outro lado, os canons son cantidades fixas ou variables que se satisfán polo dereito ao emprego ou a concesión deste, das distintas manifestacións da propiedade industrial.
- 622 (reparación e conservación). Gastos de sostemento dos bens de inmovilizado. No concepto de conservación inclúiranse todos os gastos de

- engraxa, lavado e limpeza de máquinas, das instalacións, dos vehículos, dos inmobles, dos mobles, etc...
- 623 (servizos de profesionais independentes). Servizos prestados por profesionais alleos á empresa como por exemplo: honorarios de avogados, peritos, etc...
 - 624 (transportes). Transportes a cargo da empresa, prestados por terceiros, cando non proceda incluílos no prezo de adquisición do inmovilizado ou das existencias.
 - 625 (primas de seguros). Recollen as cantidades que se satisfán en concepto de primas de seguro, excepto as que refiren ao persoal da empresa, que se engloban dentro da conta de Gastos de persoal, que se verá máis adiante.
 - 626 (servizos bancarios e similares). Comprende as comisións e outros gastos que se satisfán por servizos bancarios e similares, excepto os intereses bancarios.
 - 627 (publicidade, propaganda e relacións públicas). Gastos realizados na promoción e venda do produto.
 - 628 (subministracións). Comprende os gastos de electricidade ou calquera outro abastecemento que non teña a calidade de almacenable.
 - 629 (outros servizos). Tamén coñecida co nome de *caixón de sastre*, defínese como os servizos: “non comprendidos nas contas anteriores” (RD 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, p. 231). A modo de orientación incluíranse, entre outros, os gastos de viaxe, incluídos os de transporte de persoal da empresa e os gastos de oficina non incluídos en outras contas.

O **subgrupo 63 (tributos)** contén as seguintes contas:

- 630 (imposto sobre beneficios). Rexistra o imposto sobre beneficios devengado no exercicio económico.
- 631 (outros tributos). Esta conta recolle outros tributos a cargo da empresa que non estean incluídos noutras contas deste subgrupo nin deban imputarse ao custo das adquisicións ou ao importe doutros gastos, como por exemplo: o Imposto sobre Bens Inmobles, o Imposto sobre Actividades Económicas, o Imposto sobre o Alcohol e Bebidas Alcohólicas, etc...
- 636 (devolución de impostos). Rexistra o importe dos reintegros de impostos esixibles pola empresa, como consecuencia de pagos indebidamente realizados.

O **subgrupo 64 (gastos de persoal)** recolle as retribucións de persoal, calquera que sexa a súa forma e concepto polo que se satisfaga. Rexistra tamén as cotas da Seguridade Social a cargo da empresa e os demais gastos de carácter social. Dentro deste subgrupo atópanse:

- 640 (soldos e salarios). Remuneracións, fixas e eventuais, ao persoal da empresa polo traballo realizado na mesma.

- 641 (indemnizacións). Cantidades que se entregan ao persoal da empresa para compensar un dano ou prexuízo.
- 642 (seguridade social ao cargo da empresa). Comprende as cantidades que aporta a empresa aos organismos da Seguridade Social polas diversas prestacións que estes realizan.
- 643 (achegas a sistemas complementarios de pensións). Importe das aportacións devengadas a plans de pensións ou a outros sistemas análogos.
- 649 (outros gastos sociais). Gastos de natureza social realizados en cumprimento dunha disposición legal, ou voluntariamente, pola empresa.

En canto ao **subgrupo 65 (outros gastos de xestión)**, o Plan Xeral de Contabilidade define este subgrupo como gastos non comprendidos noutros subgrupos, sempre que non teñan carácter extraordinario. Dentro deste subgrupo atópanse as contas:

- 650 (perdas de créditos comerciais incobrables). Recolle as perdas por insolvencias firmes de clientes e debedores do grupo 4.
- 659 (outras perdas de xestión corrente). Rexistra as perdas que, pertencendo á xestión corrente da empresa, non figuran nas contas anteriores. Reflectirá a regularización anual das ferramentas, é dicir, o seu deterioro ou perda.

No **subgrupo 66 (gastos financeiros)** contémplanse as seguintes contas:

- 661 (intereses de obrigas e bonos). Importe dos intereses devengados durante o exercicio correspondentes á financiación allea instrumentada en valores representativos de débeda.
- 662 (intereses de débedas a longo prazo). Importe dos intereses dos préstamos recibidos e outras débedas pendentes de amortizar, calquera que sexa o modo no que se instrumenten tales intereses.
- 665 (descontos sobre vendas por pronto pago). Intereses nas operacións de desconto de letras e outros efectos, así como as operacións de “factoring”.
- 666 (perdas de valores negociables). Perdas producidas na venda de valores de renda fixa ou variable.
- 667 (perdas de créditos). Perdas por insolvencias firmes de créditos.
- 668 (diferenzas negativas de cambio). Cargaranse nesta conta as perdas producidas polas modificacións do tipo de cambio en valores de renda fixa, créditos, débedas e efectivo, en moeda estranxeira, de acordo cos criterios establecidos nas normas de valoración.
- 669 (outros gastos financeiros). Gastos de natureza financeira non recollidos en outras contas do subgrupo.

O **subgrupo 67 (perdas procedentes do inmovilizado e gastos excepcionais)** recolle as perdas orixinadas na venda de inmovilizado inmaterial, ou na baixa total ou parcial no inventario como consecuencia de depreciacións irreversibles en ditos activos.

En canto ao **subgrupo 68 (dotacións para a amortización)**, as amortizacións recollen as diminucións de valor contable do inmovilizado debido ao seu uso limitado no tempo. Esta perda de valor é un gasto máis e, polo tanto, debe terse en conta á hora de calcular o resultado. Dentro deste subgrupo atópanse as seguintes contas:

- 680 (amortización do inmovilizado intanxible). Recolle as diminucións de valor contable do inmovilizado intanxible (subgrupo 20) e se acumula o valor na amortización acumulada do inmovilizado intanxible (conta 280).
- 681 (amortización do inmovilizado material). Recolle as diminucións de valor contable do inmovilizado material (subgrupo 21) e acumúlase o valor na amortización acumulada do inmovilizado material (conta 281).
- 682 (amortización dos investimentos inmobiliarios). Recolle as diminucións de valor contable do inmovilizado inmobiliario (subgrupo 22) e acumúlase o valor na amortización acumulada dos investimentos inmobiliarios (conta 282).

O **subgrupo 69 (perdas por deterioro e outras dotacións)** clasifícase en función do tipo de perda de valor dos activos non correntes e correntes.

- 690 (perdas por deterioro do inmovilizado intanxible).
- 691 (perdas por deterioro do inmovilizado material).
- 692 (perdas por deterioro dos investimentos inmobiliarios).
- 693 (perdas por deterioro de existencias).
- 694 (perdas por deterioro de créditos por operacións comerciais).

3.2.2. Ventas e ingresos

O RD 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade define as contas de **ventas e ingresos do grupo 7** como: “a venda de bens e a prestación de servizos que son obxecto do tráfico da empresa” (p. 240). Tamén comprende outros ingresos, variación de existencias e beneficios extraordinarios do exercicio. Dentro destas atópanse os subgrupos presentados a continuación.

No **subgrupo 70 (ventas de mercadorías, de produción propia, servizos, etc...)** obsérvanse as contas:

- 700 (ventas de mercadorías). Transaccións, con entrega de mercadorías, mediante prezo.
- 701 (ventas de produtos terminados). Transaccións, con entrega de produtos fabricados terminados, mediante prezo.
- 702 (ventas de produtos semiterminados). Transaccións, con entrega de produtos semiterminados, mediante prezo. Non é habitual vendelos xa que a súa finalidade é formar parte do produto terminado.
- 703 (ventas de subprodutos e residuos). É algo marxinal ou complementario.
- 704 (ventas de embalaxes e envases). Cando se factura e non ten posibilidades de retorno.

- 705 (prestación de servizos). Transaccións, con prestación de servizos, mediante prezo.
- 706 (descontos sobre vendas por pronto pago). Descontos e asimilados que concede a empresa aos seus clientes, por pronto pago, non incluídos na factura.
- 708 (devolución de vendas e operacións similares). Remesas devoltas por clientes, normalmente por incumprimento das condicións do pedido.
- 709 (rappels sobre vendas). Descontos e similares que se basean en haber alcanzado un determinado volume de pedidos.

O **subgrupo 71 (variación de existencias)** emprégase para a regularización das existencias ao final do exercicio económico. Estas son contas destinadas a rexistrar, ao peche do exercicio, as variacións entre as existencias finais e as iniciais correspondentes aos subgrupos 33, 34, 35 e 36 (produtos en curso, terminados, semiterminados e subprodutos, respectivamente):

- 710 (variación de existencias de produtos en curso).
- 711 (variación de existencias de produtos semiterminados).
- 712 (variación de existencias de produtos terminados).
- 713 (variación de existencias de subprodutos, residuos e materiais recuperados).

En canto ao **subgrupo 73 (traballos realizados para a empresa)**, o RD 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade defíneo como: “contrapartida dos gastos realizados pola empresa para o seu inmovilizado, empregando os seus equipos e o seu persoal, que se activan. Tamén se contabilizarán neste subgrupo os realizados, mediante encargo, por outras empresas co fin de investigación e desenvolvemento” (p. 241). Abarca as seguintes contas:

- 730 (traballos realizados para o inmovilizado intanxible).
- 731 (traballos realizados para o inmovilizado material).
- 732 (traballos realizados en investimentos inmobiliarios).
- 733 (traballos realizados para o inmovilizado material en curso).

No **subgrupo 74 (subvencións, doazóns e legados)** recóllense as seguintes contas:

- 740 (subvencións oficiais á explotación), que no RD 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade defíñense como: “as recibidas polas Administracións Públicas, empresas ou particulares, co obxecto de asegurar unha rendibilidade mínima ou compensar déficit de explotación do exercicios ou de exercicios previos” (p.242).
- 747 (outras subvencións, doazóns e legados transferidos ao resultado do exercicio).

Con respecto ao **subgrupo 75 (outros ingresos de xestión)**, o RD 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade defíneo como:

“ingresos derivados da xestión non comprendidos noutros subgrupos” (p. 242), sempre que non teñan carácter excepcional.

- 752 (ingresos por arrendamentos).
- 753 (ingresos de propiedade industrial cedida en explotación).
- 754 (ingresos por comisións).
- 755 (ingresos por servizos ao persoal).
- 759 (ingresos por servizos diversos).

No **subgrupo 76 (ingresos financeiros)** as contas máis habituais son:

- 762 (ingresos de créditos). Importe dos intereses de préstamos e outros créditos, devengados no exercicio.
- 768 (diferenzas positivas de cambio). Beneficios producidos por modificacións en partidas monetarias denominadas en moeda distinta da funcional.
- 769 (outros ingresos financeiros). Ingresos de natureza financeira non recollidos noutras contas deste subgrupo.

No **subgrupo 77 (contas de beneficios procedentes do inmovilizado e ingresos excepcionais)** atópanse a seguintes contas:

- 770 (beneficios procedentes do inmovilizado intanxible). Beneficios xerados do alleamento do inmovilizado intanxible.
- 771 (beneficios procedentes do inmovilizado material). Beneficios xerados do alleamento do inmovilizado material.
- 772 (beneficios procedentes dos investimentos inmobiliarios). Beneficios xerados do alleamento do inmovilizado inmobiliario.
- 778 (ingresos extraordinarios). Son beneficios de carácter excepcional e contía significativa que atendendo á súa natureza non deban contabilizarse en outras contas.

En canto ao **subgrupo 79 (excesos e aplicacións de provisións de perdas por deterioro)**, se ao finalizar o exercicio se estima que a perda de valor por deterioro dos bens de inmovilizado material, intanxible ou existencias é inferior á que xa se viña contabilizando, ou que o importe da provisión é menor ao inicialmente contabilizado, debe reflectirse esa menor perda como ingreso, contabilizándose nas seguintes contas:

- 790 (reversión do deterioro de inmovilizado intanxible).
- 791 (reversión do deterioro de inmovilizado material).
- 792 (reversión do deterioro dos investimentos inmobiliarios).
- 793 (reversión do deterioro de existencias).
- 794 (reversión do deterioro de créditos por operacións comerciais).
- 795 (exceso de provisións).
- 796 (reversión do deterioro de participacións e valores representativos de débeda a longo prazo).
- 797 (reversión do deterioro de créditos a longo prazo).
- 798 (reversión do deterioro de participacións e valores representativos de débeda a curto prazo).
- 799 (reversión do deterioro de créditos a curto prazo).

3.3. Exercício: elaboración da conta de Perdas e de Ganancias (PeG)

Exercicio 2. Elaboración da conta de perdas e ganancias. Exercicio ano 20xx

(746) Subvencións, doazóns e legados transferidos ao resultado do exercicio	2.000
(600) Compras de mercadorías	(550.000)
(694) Perda por deterioro de créditos por operacións comerciais	(250)
(640) Soldos e salarios	(12.000)
(621) Arrendamentos e canons	(9.000)
(680) Amortización do inmovilizado intanxible	(2.500)
(681) Amortización do inmovilizado material	(65.000)
(682) Amortización de investimentos inmobiliarios	(8.000)
(692) Perdas por deterioro de investimentos inmobiliarios	(5.000)
(700) Venda de mercadorías	900.000
(704) Venda de envases e embalaxes	5.000
(755) Ingresos por servizos ao persoal	3.000
(769) Outros ingresos financeiros	1.000
(300) Existencias iniciais mercadorías	10.000
(300) Existencias finais mercadorías	20.000

Fonte: Elaboración propia

Na solución do exercicio non se detallan as contas, senón que aparecerían os apartados reflectidos en negriña. Neste caso, ponse a conta para unha maior ilustración da elaboración da conta de PeG. O exercicio consiste en colocar os saldos contables das contas contables na conta de PeG. Como xa se explicou, a variación de existencias é unha conta de gasto que pode ter saldo debedor ou acredor dependendo do valor das existencias iniciais ou finais, e se recolle o reflexo contable ao final do exercicio (apartado 4.2.3 existencias). Recoñécense as existencias finais como un valor patrimonial no debe, e no haber as existencias iniciais xa quen non existen, polo tanto danse de baixa. A diferenza reflíctese en variación de existencias.

31/12/ xx 20.000 (300) Existencias finais a Existencias iniciais (300)	10.000
Variación de existencias (610)	10.000

Solución exercicio 2 . Elaboración da conta de PeG. Exercicio ano 20xx

Conceptos	(Debe) - / Haber +
1 Importe neto da cifra de negocios.	905.000
(700) Venda de mercadorías	900.000
(704) Venda de envases e embalaxes	5.000
2 Variación de existencias de produtos terminados e en curso.	10.000
(610) Variación de mercadorías (20.000 – 10.000)	10.000
3 Traballos realizados pola empresa para o seu activo.	
4 Aproveisionamentos.	(550.000)
(600) Consumo de mercadorías	(550.000)
MARXE DE VENDAS	365.000
5 Outros ingresos de explotación.	3.000
(755) Ingresos por servizos ao persoal	3.000
6 Gastos de persoal.	(12.000)
(640) Soldos e salarios	(12.000)
7 Outros gastos de explotación.	(9.250)
(621) Arrendamentos e canons	(9.000)
(694) Perda por deterioro de créditos por operacións comerciais	(250)
8 Amortización do inmovilizado.	(75.500)
(680) Amortización do inmovilizado intanxible	(2.500)
(681) Amortización do inmovilizado material	(65.000)
(682) Amortización de investimentos inmobiliarios	(8.000)
9 Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras.	2.000
(746) Subvencións, doazóns e legados transferidos ao resultado do exercicio	2.000
10 Excesos de provisións.	
11 Deterioro e resultado por venda de inmovilizado.	(5.000)
(692) Perdas por deterioro de investimentos inmobiliarios	(5.000)
A) RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12).	268.250
12 Ingresos financeiros.	1.000
(769) Outros ingresos financeiros	1.000
13 Gastos financeiros.	

Conceptos	(Debe) - / Haber +
14 Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.	
15 Diferenzas de cambio.	
16 Deterioro e resultado por venda de instrumentos financeiros.	
B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16).	1.000
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B).	269.250
17 Imposto sobre beneficios (25% Base Imponible).	(67.312)
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+17).	201.938

Fonte: Elaboración propia

4. A técnica do rexistro contable

Nos apartados anteriores explicáronse as contas integradas no Balance de Situación e na Conta de Resultados. A contabilidade precisa dunha técnica de rexistro co fin de acadar o dobre obxectivo e informar da situación económica da empresa a través do balance, e dos resultados económicos da xestión a través do PeG.

4.1. A conta e o rexistro contable (partida dobre)

A Contabilidade precisa dun instrumento que permita anotar todas e cada unha das variacións que se producen na situación económica da empresa ao longo do ano. Este instrumento coñecido co nome de **conta** divídese en dúas metades ou columnas, tomando forma de “T”: á columna esquerda concédeselle o nome de **debe** da conta e a columna da dereita o nome de **haber** da conta. Cando se anota unha operación no lado do debe denomínase como a acción de **cargar** e pola contra, cando se anota unha operación polo lado do haber denomínase **aboar**.

NOME DA CONTA	
DEBE Cargar	HABER Aboar

O rexistro contable tamén é coñecido co nome de método da **partida dobre**, o cal quere dicir que, para reflectir na contabilidade calquera operación é preciso facer, como mínimo, dúas anotacións, unha naquela conta da que sae a riqueza e outra cara onde vai a parar. Isto quere dicir que sempre que haxa un rexistro contable

polo lado do debe, ten que haber contrapartida polo lado do haber. A acción de anotar unha operación na contabilidade coñécese co nome de **asentar**. Un asento é unha anotación completa dunha operación en todas as contas que varíen como consecuencia desa operación. A suma de anotacións no debe ten que ser igual a suma de anotacións no haber. A continuación obsérvase un exemplo de asento contable:

200 € Clientes (430)	a	(700) Venda de mercaderías 200 €
----------------------	---	----------------------------------

En canto ao **funcionamento das contas**, as operacións que produzan aumentos nas **contas de activo** anótanse sempre no lado do debe da conta, polo que as contas de activo aumentarán sempre que aumente o que ten a empresa ou o que lle deben. Pola contra, as operacións que produzan diminucións nas contas de activo anótanse sempre polo lado do haber da conta, de tal xeito que as contas de activo diminuirán cando diminúa o que a empresa ten ou lle deben.

▲ Debe ▼ Haber

As operacións que produzan aumentos **nas contas de patrimonio neto e pasivo** anótanse sempre polo lado do haber da conta, polo que as contas de pasivo aumentarán cando aumente ou seu patrimonio ou as súas débedas. Pola contra, as operacións que produzan diminucións nas contas de patrimonio neto e pasivo anótanse sempre polo lado do debe da conta, polo tanto, as contas de patrimonio neto e pasivo diminuirán a medida que diminúa o patrimonio neto ou as débedas da mesma.

▼ Debe ▲ Haber

O mesmo procedemento seguen as contas de xestión, de tal xeito que as **contas de gastos** aumentarán sempre polo lado do debe da conta, as **contas de ingresos** aumentarán sempre polo lado do haber da conta.

Gastos ▲ Debe
Ingreso ▲ Haber

As contas poden ter saldo debedor ou saldo acredor dependendo do lado da “T” que sexa maior, de tal modo que:

- Denomínase saldo debedor cando a suma do debe é maior que a do haber.
- Denomínase saldo acredor cando a suma do debe é menor que a do haber.

Co saldo das contas constrúense o balance de situación e a conta de perdas e ganancias, entre outros.

Táboa 6. Funcionamento das contas

BALANCE DE SITUACIÓN	
DEBE (Cargar)	HABER (Aboar)
▲ Activo ▼ Pasivo e Patrimonio neto	▼ Activo ▲ Pasivo e Patrimonio Neto
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	
▲ Gastos	▲ Ingresos

Fonte: Elaboración propia

4.2. O Diario Xeral

O Diario xeral é un documento que recolle todas as transaccións económicas e financeiras da empresa a través da conta e o rexistro contable. Como se pode ver no exemplo da táboa 7, o Diario Xeral recolle: o asento contable, cun número de asento, o apunte contable, a data, o número de conta a nivel de máximo detalle (as empresas adoitan empregar 8-10 díxitos), os importes, os conceptos e as anotacións no debe e no haber.

4.2.1. Asento inicial

Na táboa 7, recóllese o asento inicial consistente na aportación inicial que fan os empresarios, que para o caso de sociedades limitadas ascende a un mínimo de 3.000 €. Isto supón unha anotación no debe (cargar) nunha conta de bancos que ▲ activo corrente, e como contrapartida unha anotación no haber (aboar) na conta de patrimonio neto (▲).

Táboa 7. Asento inicial

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
01/06/2020	1	3.000	572	Bancos	Aportación inicial	100	Capital social	3.000

Fonte: Elaboración propia

4.2.2. Operacións comerciais

Na táboa 8 recóllense as operacións habituais de compras, vendas e gastos, así como os seus cobros e pagos correspondentes. O **asento 2** reflicte unha compra dunha mercadoría ao valor de adquisición (non inclúe o IVE no prezo) que se anota no debe dunha conta de compra (▲), contra unha obriga a favor dos provedores que é ▲ de pasivo. A súa vez, prodúcese un IVE soportado que non é un gasto para o empresario, de tal xeito que supón un dereito de dito importe de IVE a favor do empresario contra AEAT, polo tanto un ▲ do activo da empresa. A análise da información económica deste asento leva a considerar que a empresa gastou 480.000 €, cun dereito sobre a AEAT de 48.000 € e unhas obrigas de 582.000 €; polo tanto, hai perdas.

Vendas 0 – compras 480.000€ = -480.000 € de perdas.

Isto vai en contra de toda lóxica porque a empresa ten unhas mercadorías no almacén por valor 480.000 €, a cuestión é ¿onde están reflectidas estas existencias? Implicitamente faise o asento de ▲ existencias anotando no debe da conta de mercadorías e ▼ as compras a través dunha anotación no haber na conta de gasto. Na táboa 8 pódese ver o asento sen número contable porque non se reflicte en cada operación de compra e venda senón que, ao final do exercicio económico, faise o asento de regularización de existencias que se explicará no apartado de existencias dada a súa particularidade. Agora, ao calcular o resultado, non habería nin perdas nin beneficio porque hai unhas existencias no almacén.

Vendas 0 - Compras 480.000 € - Existencias iniciais 0 € + Existencias finais 480.000€ = 0.

O **asento 3** reflicte o contrario do anterior asento. As vendas recóllense cun aboamento na conta de vendas, o cal supón un ▲ de ingresos. Ademais, toda venda vai co imposto de IVE repercutido, que supón unha obriga para a empresa ante a AEAT, ▲ do pasivo corrente. Dado que o cliente non paga a venda ao contado, a empresa ten un dereito de cobro o que supón un ▲ do activo corrente. Pero tamén saen unhas existencias do almacén cun aumento de gasto, por valor das existencias que saen do almacén, tal como se pode ver debaixo no asento nº 3, pero non ten reflexo contable.

O **asento 4** recolle un pago a un provedor por débedas. Anótase no debe a redución da débeda (▼ pasivo corrente) contra o haber de bancos (▼ activo corrente).

O **asento 5** recolle o cobro a un cliente. Supón un cargo na conta de bancos (▲ activo corrente) e un aboamento na conta de clientes (▼ activo corrente). O **asento 6** recolle a contratación dunha póliza de seguros ▲ gasto à ▼ patrimonio fronte a unha ▼ activo.

Táboa 8. Asentos de operacións comerciais habituais

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
05/06/2020	2	480.000	600	Compras de mercadoría	Fra 25/2020			
05/06/2020	2	48.000	472	IVE soportado	Fra 25/2020			
05/06/2020	2				Fra 25/2020	400	Provedores	528.000
05/06/2020		480.000	310	Existencias	Non ten reflexo contable. Regularízanse globalmente ao final do exercicio.	610	Variación existencia	480.000
21/06/2020	3	539.000	430	Cientes	Fra 1/2020			
21/06/2020	3				Fra 1/2020	700	Venda mercadoría	490.000
21/06/2020	3				Fra 1/2020	477	IVE repercutado	49.000
21/06/2020		490.000	610	Variación de existencias	Regularízanse na contabilidade as existencias dun xeito global ao final do exercicio	310	Variación de existencias	490.000
05/07/2020	4	528.000	400	Provedores	Pago Fra 25/2018	572	Bancos	528.000
19/07/2020	5	539.000	572	Bancos	Cobro Fra 1/2018	430	Cientes	539.000
01/10/2020	6	1.200	625	Prima de seguros	Seguro anual Póliza xxxx	572	Bancos	1.200

Fonte: Elaboración propia

Con respecto á **diferenza de ingresos (económico) vs cobros (financeiro), compra-gastos (económico) vs pagos (financeiro)**, polo principio do deber das operacións, os ingresos e as compras e gastos recoñécense no momento en que ten lugar a transacción. Cando se produce unha venda, ten lugar unha transacción loxística económica, entrégase un ben propiedade da empresa a cambio dun dereito de cobro. Recóllese como un **ingreso** aínda que non se cobrase (asento 3). **O cobro** pode ter lugar nese mesmo momento ou máis tarde, entrando os recursos na conta do banco da empresa, reflectindo a operación en contas do grupo 5, contas financeiras (asento 5). No gráfico 1, pódese ver o ciclo da empresa e as diferenzas entre mundo comercial-loxístico, económico e financeiro.

A **compra e o gasto** réxese tamén polo principio do deber. Cando se adquire unha mercancía que pasa a ser propiedade da empresa, aínda que non a pague nese momento, recoñécese a compra no grupo 6 contra unha débeda (asento 2). Cando teña lugar **o pago** redúcese a débeda e saen recursos financeiros da empresa, grupo 5, contas financeiras (asento 4). No gráfico 1 pódese ver dun xeito resumido que son feitos distintos. O mesmo acontece cos gastos.

4.2.3. Existencias

A maioría das empresas levan un inventario permanente das súas existencias para cada artigo. Na táboa 9 pódese reflectir o movemento dun artigo, coas entradas, saídas e valor de existencias. Producíndose un movemento físico, entrada, saída e stock da mercadoría. E un movemento económico que será o resultado do prezo polo número de unidades. Polo tanto, é importante determinar o **método de valoración de existencias**, sendo o máis habitual o de **prezo medio ponderado**, que consiste en valorar a entrada a valoración de adquisición, e a saída a prezo medio ponderado, de tal xeito que as existencias quedan valoradas co mesmo valor. A entrada no almacén ten que coincidir co valor de compra de factura. Un artigo de compra é unha unidade física cunhas características homoxéneas que se adquiren a un prezo, que multiplicado polo número de unidades dá o importe de compra. O IVE, no réxime xeral, non forma parte das compras e polo tanto non aumenta o valor das existencias. O que si pode mudar é o prezo, cambiando os prezos das existencias que se vai recalculando a prezo medio ponderado.

Cando se produce unha venda, ten lugar un cambio de propiedade de mercadoría que deixa de pertencer á empresa, ▼ o activo, a cambio dunha venda (▲). As saídas valóranse a un prezo medio do valor das existencias multiplicado polo número de unidades vendidas, que é o **Custo da Mercadoría Vendida (CMV)**. O resultado da operación é precisamente a diferenza das vendas e do CMV.

$$\text{Marxe Comercial} = \text{Vendas (P * q)} - \text{CMV (q. Prezo medio ponderado almacén)}.$$

Táboa 9. Valoración de existencias. Método Prezo Medio Ponderado

Data	Entradas = Compras			Saídas = Custo Mercadoría Vendida (CMV)			Existencias		
	q	p	Importe	q	p	Importe	q	p	Importe
01/06/2020							200	1.000,0	200.000
05/06/2020	400	1.200	480.000				600	1.133,3	680.000
07/06/2020	800	720	576.000				1.400	897,1	1.256.000
21/06/2020				200	897,1	179.428,6	1.200	897,1	1.076.571
23/06/2020				1.000	897,1	897.142,9	200	897,1	179.429
26/06/2020	400	1.400	560.000				600	1.232,4	739.429
27/06/2020				200	1.232,4	246.476,2	400	1.232,4	492.952
Total	1.600		1.616.000	1.400		1.323.048			

Fonte: Elaboración propia

Para a valoración das existencias pódese empregar o método **FIFO (First In First Out)**, a través do cal se valoran as existencias en función ducha premisa: *as primeiras en entrar no almacén cun valor determinado, son as que saen primeiro*. Deste xeito, as que quedan sempre o fan aos últimos valores de entrada, os que se supoñen máis actualizados ao mercado.

Na táboa 10 obsérvase, cos mesmos datos da táboa 9, como cambia a valoración de existencias, do CMV e polo tanto do marxe comercial, dos beneficios empresariais e dos impostos a liquidar. As entradas non dependen do método de valoración de existencias, a diferenza está en que separa a valoración en función do valor de adquisición e data, de tal xeito que o día 05/06/2020 entran 400 unidades a un prezo de 1.200 € e quedan no almacén ao mesmo valor que no método de prezo medio, pero desagregando 200 unidades a 1.000 € e 400 a 1.200 €. O día 07/06/2020 volven a entrar 800 unidades a 720 €. O valor total de existencias é de 1.256.000 € igual que no prezo medio, pero desagregando cada unidade co seu valor, e non a un prezo medio. O tema cambia cando se produce unha venda de 200 unidades. O valor de CMV sería os das primeiras 200 unidades a 1.000 € un importe de 200.000 €, mentres que no método de prezo medio ponderado, o CMV é 200 unidades a 897,1 € prezo medio con un importe de 179.428,6 €. Quedando despois da venda un total de 1.200 unidades en almacén, pero no método de prezo medio cun valor unitario de 897,1 e un importe de 1.076.571 € e no método FIFO quedan 400 a 1.200 € e 800 a 720 € sumando un total de 1.056.000.

Pódese ver como o valor final das existencias son diferentes segundo o método, de tal xeito que no prezo medio ponderado ascenderían a 492.952 € e no FIFO 560.000 €. Este resultado non significa que sempre ten que saír máis valorado un método que outro. Nunha época de alta inflación a valoración das existencias polo método FIFO sería superior, pero nunha época de baixa inflación e nun mercado globalizado con ampla oferta onde os prezos varían segundo a capacidade e necesidades de compra, non se pode concluír que un método valore máis alto que outro.

Táboa 10. Valoración de existencias. Método FIFO

Data	Entradas			Saídas			Existencias		
	q	p	Importe	q	p	Importe	q	p	Importe
01/06/2020							200	1.000	200.000
05/06/2020	400	1.200	480.000				400	1.200	480.000
Total							600		680.000
07/06/2020	800	720	576.000				200	1.000	200.000
							400	1.200	480.000
							800	720	576.000
Total							1.400		1.256.000
21/06/2020				200	1.000	200.000	400	1.200	480.000
							800	720	576.000
Total							1.200		1.056.000
23/06/2020				400	1.200,0	480.000	200	720	144.000
Total				600	720,0	432.000	200		144.000
26/06/2020	400	1.400	560.000				200	720	144.000
							400	1.400	560.000

Data	Entradas			Saídas			Existencias		
	q	p	Importe	q	p	Importe	q	p	Importe
Total							600		704.000
27/06/2020				200	720,0	144.000	400	1.400	560.000
Total							400		560.000
Suma	1.600		1.616.000	1.400		1.256.000			

Fonte: Elaboración propia

O Plan Xeral de Contabilidade permite usar ambos os métodos, non sendo neutra a decisión, xa que afecta ao CMV, ao Marxe Comercial e ao resultado, tal como se pode apreciar na táboa 11.

As vendas e as compras teñen o mesmo valor, xa que son relacións co mercado. O que varía son as valoración de existencias, neste caso as finais, porque ambas partían do mesmo dato nas iniciais. No método de Valoración de Existencias segundo Prezo Medio Ponderado, ao ter menor valor de existencias finais, sube o custo da mercadoría vendida, o que conleva a unha baixada do marxe. Dado que os custos fixos non varían en función da actividade, o resultado final é que o beneficio é menor, e que se pagan menos impostos quedando menos beneficios para repartir. No caso de prezo Medio Ponderado prodúcese ▼ activo con ▼ fondos propios. No caso do FIFO ten un ▲ de activo e ▲ fondos propios vía aumento de resultados.

Táboa 11. Análises comparativas da conta de Perdas e Ganancias segundo Método Valoración Existencias

Conceptos	Prezo Medio Ponderado			FIFO		
	q	p	Importe	q	p	Importe
Vendas	1.400	1.278,6	1.790.000	1.400	1.278,6	1.790.000
Compras	1.600	1.010,0	-1.616.000	1.600	1.010,0	-1.616.000
Existencias iniciais	200	1.000,0	-200.000	200	1.000,0	-200.000
Existencias finais	400	1.232,4	492.952	400	1.400,0	560.000
Custo Mercadoría Vendida	1.400	-945,0	-1.323.048	1.400	-897,1	-1.256.000
Marxe Comercial	1.400	333,5	466.952	1.400	381,4	534.000
Custos Fixos			-200.000			-200.000
Beneficio antes Impostos			266.952			334.000
Impostos			-66.738			-83.500
Beneficio despois de Impostos			200.214			250.500

Fonte: Elaboración propia

A elaboración da conta de resultados implica ter que facer o asentamento contable das existencias, **regularización das existencias**, que se fai ao final do exercicio. Na táboa 12, pódese ver que se reflicten as existencias finais no debe polo seu valor, o cal supón un ▲ activo, dar de baixa o activo das existencias iniciais porque xa non existen ▼, e a diferenza vai á variación de existencias do grupo 6, que pode ter saldo acredor, o que implica menor gasto, dado que parte das existencias están no activo. Tamén pode ser debedor, o que aumentaría o gasto porque parte da mercadoría que estaba no almacén foi vendida no mercado.

Táboa 12. Regularización das existencias

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
31/12/2020	7	492.952,0	300	Existencias finais	Regularización existencias finais			
31/12/2020	7				Regularización existencias iniciais	300	Existencias iniciais	200.000,0
31/12/2020	7				Regularización existencias	610	Variación existencias	292.952,0

Fonte: Elaboración propia


Con isto pódese entender que as **compras non son un Custo da Mercancía Vendida (CMV)**. Tal como se reflicte no gráfico 1, cando se merca algo prodúcese unha entrada no almacén (▲ do activo corrente) e a contrapartida é un ▲ pasivo (débeda) o un ▼ activo (menor tesoureira).

En cambio, cando se vende algo entrégase unha mercadoría da nosa propiedade, a cambio doutro activo. Polo tanto temos un ▲ do activo corrente (bancos ou dereito cobro) a cambio dun ▼ activo (existencias). Esta saída do almacén que se entrega ao cliente é un custo. Mentres estea no almacén non é custo, cando sae do almacén é o Custo da Mercadoría Vendida.

$$\text{CMV} = \text{Compras} + (\text{Existencias iniciais} - \text{Existencias finais}) = \text{Compras (60)} + \text{variación de existencia (61)}.$$

$$\text{Marxe} = \text{Vendas} - \text{CMV} = \text{Vendas} - (\text{Compras} + \text{Existencias iniciais} - \text{Existencias finais}) = \text{Vendas} - \text{Compras} - \text{Existencias iniciais} + \text{Existencias finais} = \text{Vendas (70)} - \text{Compras (60)} + \text{Variación existencias (61)}.$$

Gráfico 1. Resumo relación do mundo comercial-loxístico-económico e financeiro



Fonte: Elaboración propia

4.2.4. Gastos de persoal

Unha vez explicado o mundo das operacións comerciais, o maior gasto fixo ou semifixo que teñen as empresas é o gasto de persoal. O cal conecta co dereito laboral, con implicacións fiscais e obrigas de seguridade social. Todo profesional por conta allea, ten dereito a percibir unha retribución mensual, a cal pode ter varias pagas extras en función do convenio ao que estea adscrito a empresa.

Na táboa 13 pódese ver un exemplo de nómina con distintos conceptos. **A retribución** é o conxunto de percepcións derivadas do desempeño do traballo. Neste caso, a empresa optou polo prorrateo das pagas extras, é dicir, que paga cada mes 1/12 parte das pagas extras que corresponde ao traballador, así no mes no que ten lugar o dereito ás pagas extras non as pagaría, polo tanto retribúe 12 mensualidades. Os profesionais por conta allea **contribúen á seguridade social** por continxencias

comúns, en torno a un 4,2 %, por desemprego (1,55 %) e para formación profesional (0,10 %), tendo o empresario a obriga de reterllo todos os meses para ingreso na Seguridade Social. Ademais, a Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, obriga aos empresarios a unha **retención** dunha porcentaxe dos ingresos dos traballadores/as, cada vez que perciban a retribución, en función dos ingresos percibidos, da súa situación persoal (casado, solteiro, número de fillos, minusvalías, etc...) que debe ser ingresada na AEAT. As pemes o ingresarán cada trimestre, e as grandes empresas cada mes. **O líquido a percibir** polo profesional equivale ao total de percepcións, menos as deducións da seguridade social, menos as retencións do IRPF.

Táboa 13. Nómima retributiva

Empresa	Traballador/a	
	Domicilio	NAF
CIF	Categoría Profesional	
CCC Seg Social	Grupo Cotización	
Período de liquidación:		
Salario Base		1.200,0
Transporte		200,0
Antigüidade		100,0
Rateo pagas extras		200,0
Total retribucións		1.700,0
Continxencias comúns	4,20%	71,4
Desemprego	1,55%	26,3
Formación profesional	0,10%	1,7
Total deducións Seguridade Social		99,4
Retencións IRPF	9,33%	158,6
Total líquido a percibir		1.441,8

Fonte: Elaboración propia

Na táboa 14, reflíctense os asentos contables dunha nómina. No **asento nº 8**, cárgase no debe o salario, que é o total de percepcións, na conta 640 (soldos e salarios). A suma de percepcións anuais será o que o profesional imputará como rendemento do traballo no IRPF no caso que estivera obrigado a facer a declaración. O deducido por continxencias comúns, desemprego e formación profesional, constitúe unha

obriga para a empresa (▲ pasivo) que deberá ingresar no organismo da seguridade social ao mes seguinte 476 (organismos SS). As retencións feitas aos traballadores, constitúen outra obriga para o empresario (▲ pasivo), que deberán ser ingresadas na AEAT ao mes seguinte de cada trimestre (4751 facenda pública, acreedora por retencións). O líquido a percibir polo profesional son as remuneracións pendentes de pagar pola empresa.

Ademais do que contribúe o profesional á seguridade social, a empresa ten que asumir un custo que representa arredor do 35 % do total da base de cotización, que son os conceptos totais retributivos (**asento 9**). Cárgase como gasto (642 seguridade social a cargo da empresa) e supón a obriga (▲ pasivo) na conta 476 (organismos da SS), que se pagará o último día do mes seguinte da elaboración da nómina.

O **asento nº 10** reflicte o pago das retribucións pendentes aos traballadores, que non ten que ser no mesmo día no que se xeran os dereitos de cobro; a obriga ven determinada no convenio da empresa. O normal é que se deveña no mes e na propia mensuralidade se faga a transferencia bancaria aos profesionais.

No **asento nº 11** reflíctese o pago das obrigas á Seguridade Social, tanto da parte dos traballadores como da parte da empresa, ao mes seguinte do devir das nóminas. Quedaría pendente o pago das retencións dos traballadores que se verá no apartado de liquidación de impostos.

Táboa 14. Asentos de gastos de persoal

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
30/06/2020	8	1.700,0	640	Soldos e salarios	Salarios xuño			
30/06/2020	8					476	Organismos SS	99,5
30/06/2020	8					4751	HP acreedora por retencións	158,7
30/06/2020	8					465	Remuneracións pendentes pago	1.441,9
30/06/2020	9	595,0	642	Seguridade social empresa	Seguridade social xuño	476	Organismos SS	595,0
01/07/2020	10	1.441,9	465	Remuneracións pendentes	Pago Nómina xuño	572	Bancos	1.441,9
31/07/2020	11	694,5	476	Organismos SS	Pago seguros sociais xuño	572	Bancos	694,5

Fonte: Elaboración propia

4.2.5. Outros gastos, periodización

Na táboa 15 pódense ver outras realidades económicas que se recollen no sistema de información da contabilidade. No **asento 12**, atópase un gasto típico de

arrendamento³ dun inmoible, co seu correspondente IVE, contra unha obriga ante un acredor. O **asento 13** representa o gasto dun seguro que se paga anualmente e que non leva IVE soportado senon un imposto especial, non se pode deducir no IVE, aumentando o valor da prima do seguro e podéndose deducir como gasto. Isto enlaza co principio devengo, o seguro vai desde outubro do ano ate setembro do ano seguinte, de tal xeito que parte do gasto non corresponde ao ano 2020. A parte que correspondente ao 2021 (**asento 14**), a final de ano, ou no mesmo momento que se contabiliza, cárgase nunha conta do subgrupo 480 (gastos anticipados) e descarga do gasto do exercicio, asento 14. No primeiro día do ano, revértese o asento, e cárgase na conta 625 (seguros).

Táboa 15. Gastos, amortizacións, periodización

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
31/07/2020	12	1.500	621	Arrendamentos	Arrendamento oficinas mes			
31/07/2020	12	315	472	IVE soportado	Arrendamento mes			
31/07/2020	12				Fra. 180/2020	410	Acredores	1.815
30/09/2020	13	1.200	625	Primas de seguros	Seguro nave de outubro 2020 a setembro 2021	410	Acredores	1.200
31/12/2020	14	900	480	Gastos anticipados	Seguros nave ano 2021	625	Primas de seguros	900

Fonte: Elaboración propia

4.2.6. Investimentos e amortizacións

As empresas precisan máquinas e outros elementos para poder desenvolver as operacións de tráfico mercantil. Polo tanto, é normal que unha empresa comercial precise adquirir unha furgoneta. O importe da mesma é de 15.000 € máis o IVE. Como ten recursos para financeira, solicita un préstamo a unha entidade financeira por valor de 12.000 €. O resto págao con tesourería. Na táboa 16, **asento 15** recóllese a contabilización do feito económico. A empresa adquire un inmovilizado por valor de 15.000 €, que se carga no activo non corrente (▲ o activo) non sendo un gasto que se fará vía amortización. O IVE soportado é un dereito sobre a AEAT (▲ activo) que terá dereito a deducilo na liquidación do 3 trimestre. Como precisa financiación, adquire un préstamo que se data nunha conta de pasivo ▲. Dado que é a 5 anos, asume unha amortización do crédito de 200€/mes, téndose que diferenciar a parte a longo prazo (que supera un ano), que sería un pasivo non corrente, e a parte a curto prazo, que sería pasivo corrente. A final de ano tense que reclasificar a débeda

³ Os arrendamentos, se son alugados por particulares, a empresa ten que facer unha retención e ingresala en Facenda. En cambio, si o arrendador é unha sociedade, non está suxeita a retención porque fai pagos fraccionados do imposto de sociedades.

pendente entre curto e longo prazo. A parte que se paga desde o Banco con cheque ou transferencia, supón un ▼ do activo corrente.

A través da amortización (**asento 16**) recoñécese o gasto pola perda de valor producida cada ano derivada do uso ou paso do tempo. Para calcular a amortización hai que determinar o tipo do ben, estimar a vida útil do mesmo. Os criterios contables e fiscais non teñen que coincidir, pero a maioría das empresa seguen as táboas fiscais para evitar diferenzas temporais no imposto, o cal establece un período máximo de amortización e unha porcentaxe máxima que determina o período mínimo. Nun elemento de transporte o normal é unha amortización dun 10 %. Como neste caso adquiriuse no mes de setembro, tense que amortizar a parte proporcional do ano. Na táboa 17 recóllese a ficha do inmovilizado, coas amortizacións anuais, acumuladas e o Valor Neto Contable (VNC) para cada período.

Táboa 16. Invetimentos e amortización

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
01/09/2020	15	15.000	218	Elementos de Transporte	Furgoneta 1271 HFR			
01/09/2020	15	3.150	472	IVE soportado	Furgoneta 1271 HFR			
01/09/2020	15				Furgoneta 1271 HFR	170	Débedas a l/p con Entidades de crédito	11.200
01/09/2020					Furgoneta 1271 HFR	520	Débedas a c/p con Entidades de crédito	800
01/09/2020	15				Furgoneta 1271 HFR	572	Bancos	6.150
31/12/2020	16	500	681	Amortización inmovilizado material	Amortización inmovilizado material ano 2020	281	Amortización acumulada inmovilizado material	500

Fonte: Elaboración propia

Táboa 17. Ficha Inmovilizado

Elemento	Furgoneta 1271 HFR
CONTA	218.0001
Descrición	Elemento transporte
% amortización	10,0%

Data	Nº	Concepto	Debe = Adquisición	Haber= amortización	Saldo = Valor Neto
01/09/2020	15	Adquisición	15.000		15.000
31/12/2020	16	Amortización ano 2020		500	14.500

Fonte: Elaboración propia

4.2.7. Liquidación de impostos

A táboa 18 recolle as principais obrigas fiscais das empresas e cando se liquidan: IVE, liquidación de retencións practicadas e imposto de sociedades.

As pequenas e medianas empresas liquidan o **IVE** trimestralmente, as grandes cada mes, (táboa 18, **asento 17**). Tal como se explicou na parte de operacións comerciais (apartado 4.2.2.), cada vez que se vende algo, repercútese un IVE cun saldo acredor, e cando se compra un ben de investimento, mercadoría, ou se demanda un gasto, sopórtase un IVE con saldo debedor. O 30 de cada trimestre, sáldanse as contas 477 (IVE repercutido) e 472 (IVE soportado), e a diferenza vai á conta 4750 (facenda pública, acreedora por IVE), no caso de que resulte un saldo favorable a facenda. Se o IVE soportado supera ao repercutido, vai á conta 470 (facenda pública, debedora por diversos conceptos) con saldo debedor, sendo un dereito de devolución ou compensación nos futuros trimestres de dito saldo, como pode acontecer no trimestre onde se mercou a furgoneta cun importante IVE soportado. O normal é ter saldo acredor e ter que ingresar o IVE resultante na AEAT. Este pago faríase no día 20 do mes seguinte a cada trimestre (**asento 18**).

En canto á **liquidación das retencións practicadas**, como se explicou no apartado de gastos de persoal, as empresas practican retencións aos traballadores/as da empresa en cada nómina, así como aos profesionais independentes como notarios, arquitectos ou economistas, que non facturen a través dunha sociedade. Cada 20 do mes seguinte a cada trimestre, as pequenas e medianas empresas, teñen que ingresar ditas cantidades na AEAT (**asento 19**).

Por outra banda, cada ano as empresas calculan o **imposto de sociedades** que, para as pequenas empresas, é dun 25% da base imponible, concepto que emana do resultado da empresa antes de beneficios, onde se aplican os axustes fiscais para calcular a base imponible. Por exemplo, unha sanción é un gasto contable da empresa, pero non é deducible no imposto de sociedades. Outro aspecto destacable que se observa no **asento 21** é o feito de que o imposto constitúe un gasto de empresa, que se contabiliza na conta 6300 (impostos correntes). Isto non significa teña que pagar, xa a empresa deduce os pagos feitos á conta do imposto de sociedades (abril, outubro, decembro) que realizou no ano, anotados na conta 473 (facenda pública, retencións e pagos a conta). Do total do imposto, menos o xa pagado, obteríase a débeda pendente coa AEAT, con saldo acredor na conta 4752 (facenda pública, acreedora por imposto sociedades). No caso de que a base imponible fose negativa, a empresa tería dereito a compensar as perdas en futuros exercicios, así como recuperar os pagos a conta feitos, o que se denomina devolución feita por facenda, cando se pagou de máis respecto a cota do imposto cando se liquida.

Táboa 18. Liquidacións de impostos

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
30/06/2020	17	49.000	477	IVE repercutido	IVE 2º Trimestre			
30/06/2020	17				IVE 2º Trimestre	472	IVE soportado	48.000
30/06/2020	17				IVE 2º Trimestre	4750	FP Acredora IVE	1.000
20/07/2020	18	1.000	4750	FP Acredora IVE	Pago IVE 2º Trimestre	572	Bancos	1.000
20/07/2020	19	158,7	4751	FP acreedora por retencións	Pago retencións 2º Trimestre	572	Bancos	158,7
20/10/2020	20	1.100,0	473	FP retencións e pagos a conta	2 Pago fraccionado Imposto sociedades	572	Bancos	1.100,0
31/12/2020	21	6.673,8	6300	Impostos correntes	Imposto sociedades 2020			
31/12/2020	21				Pagos fraccionados	473	FP retencións e pagos a conta	2.200,0
31/12/2020	21				Ts Sociedades ano 2020	4752	FP acreedora Imposto sociedades	4.473,8

Fonte: Elaboración propia

4.3. O libro maior

O libro maior subministra a información detallada para cada subconta reflectida no asento contable anotado no diario xeral. Recolle a data, o número de apunte, o concepto, os asentos no debe, no haber e o saldo. De tal xeito que permite saber o saldo da cada conta para cada momento. Isto é moi útil para saber canto se lle debe a un provedor concreto, cantas compras se lle fixo e canto se lle pagou. A continuación móstrase un exercicio de uso do libro maior.

Exercicio 3. Rexistro do uso das contas (libro maior) dun balance

1. Constitúe a sociedade cunha achega efectiva por aportación de capital de 10.000 €.
2. Ademais cómprase mobiliario por 2.000 € a crédito.
3. Conséguese un préstamo por 5.000 €.
4. Cómprase maquinaria por 5.000 €. Páganse 2.000 € ao provedor de mobiliario.

Solución exercicio 3

- Os cartos depositados polos propietarios póñense nunha conta bancaria propiedade da empresa. Polo tanto, é unha anotación no debe dunha conta de activo corrente ▲. Á súa vez, tense que facer unha anotación no haber na conta de capital que é unha conta do patrimonio neto ▲.
- Ao comprar mobiliario, que é unha conta de activo non corrente (▲) faise unha anotación no debe. Como contrapartida anótase no haber, na conta de préstamo, o que supón un aumento do pasivo corrente (▲).
- A concesión dun préstamo implica un aumento dos recursos para a empresa, o que implica unha anotación no debe dunha conta de activo (▲ tesourería). Isto conleva unha obriga cunha institución financeira, polo tanto, un ▲ do pasivo.
- Mercar unha máquina é facer unha anotación no debe dunha conta do activo non corrente (▲). Páganse 2.000 €, o que supón unha anotación no haber da conta de bancos, cunha diminución do activo (▼).

CAIXA		PROVEDORES	
Debe	Haber	Debe	Haber
10.000		2.000	2.000
5.000	5.000		SA: 0
SD: 8.000	2.000		

MOBILIARIO		MAQUINARIA	
Debe	Haber	Debe	Haber
2.000		5.000	
SD: 2.000		SD: 5.000	

PRÉSTAMO		CAPITAL	
Debe	Haber	Debe	Haber
	5.000		10.000
	SA: 5.000		SA: 10.000

Actualmente a estrutura dos maiores é a que se pode reflectir na táboa 19, onde se aprecia a data da operación, o número de asento, concepto, as anotacións que houberse no debe ou no haber e o saldo da conta. Un saldo positivo significa que ten saldo debedor e polo tanto forma parte do activo. Un saldo negativo implica un saldo acreedor e polo tanto forma parte do pasivo ou do patrimonio neto.

Táboa 19. Exemplo das contas de maior

Conta 400 Provedores

Data	Nº asiento	Concepto	Debe	Haber	Saldo
05/06/2018	1	Frac 25		528.000,00	-528.000,00
07/06/2018	2	Frac 26		633.600,00	-1.161.600,00
26/06/2018	5	Frac 28		616.000,00	-1.777.600,00
05/07/2018	9	Pago factura 25	528.000,00		-1.249.000,00
07/07/2018	9	Pago factura 26	633.600,00		-616.000,00

Conta 430 Clientes

Data	Nº asiento	Concepto	Debe	Haber	Saldo
21/06/2018	3	Factura 1	264.000,00		264.000,00
23/06/2018	4	Factura 2	1.430.000,00		1.694.000,00
27/06/2018	6	Factura 3	275.000,00		1.969.000,00
21/07/2018		Cobro factura 1		264.000,00	1.705.000,00
23/07/2018		Cobro factura 2		1.430.000,00	275.000,00

Fonte: Elaboración propia

4.4. Balance de comprobación

O Balance de Comprobación ou de Sumas e Saldos é un balance que forma parte do libro de inventario e contas anuais (apartado 1.2.), sendo unha relación das contas a distinto nivel (tres-dez dígitos) que recolle para cada unha delas a suma no debe, a suma no haber e o saldo, que é a diferenza entre as anteriores sumas. É útil para comprobar a contabilidade que a suma de debes sexa igual á suma de haberes, e que o saldo debedor da contabilidade coincida co saldo acredor. Tamén permite analizar o saldo concreto das partidas e se se axustan a unha lóxica contable. O detalle dos asentos está no asiento contable (diario), pero a través do Balance de Comprobación fanse revisións xerais, que con axuda do maior e do diario, permiten chegar ao asiento concreto.

Na táboa 20, pódese apreciar un exemplo de Balance de Sumas e Saldos a nivel de catro dígitos. O primeiro que se pode ver é que o total de suma de debes é igual ao total de suma de haberes, e que os saldos debedores coinciden cos saldos acredores. Tamén se aprecia que os saldos teñen unha lóxica económica contable. As contas de capital teñen saldo acredor, as existencias só o poden ter debedor, os provedores acredor e os clientes debedor. As obrigas coas administracións teñen que ter saldo acredor, os bancos debedor, as compras só debedor e a variación de existencias calquera dos dous (o que nos di esta conta é que aumenta o valor das existencias e baixa o valor da CMV). Os gastos so poden ser operacións do debe e os ingresos do haber.

Táboa 20. Balance de Comprobación

Conta	Denominador	Debe	Haber	Saldo debedor	Saldo acredor
1000	Capital social		1.400.000,0		1.400.000,0
3000	Existencias	692.952,3	200.000,0	492.952,4	
4000	Provedores	1.161.600,0	1.777.600,0		616.000,0
4300	Cientes	1.969.000,0	1.694.000,0	275.000,0	
4751	Facenda Pública retencións	12.000,0	14.000,0		2.000,0
4760	Seguridade social, acreedora	56.000,0	57.000,0		1.000,0
4650	Remuneracións pendentes pago	127.500,0	127.500,0		
4720	IVE soportado	161.600,0	161.600,0		
4770	IVE repercutido	179.000,0	179.000,0		
4751	FP acreedora IVA		17.400,0		17.400,0
5720	Bancos	2.894.000,0	1.356.600,0	1.537.400,0	
6000	Compras	1.616.000,0		1.616.000,0	
6100	Variación existencias		292.952,4		292.952,4
6400	Soldos e salarios	150.000,0		150.000,0	
6420	Seguridade social	48.000,0		48.000,0	
7000	Vendas		1.790.000,0		1.790.000,0
	Total	9.067.652,4	9.067.652,4	4.119.352,4	4.119.352,4

Fonte: Elaboración propia

4.5. Peche contable

O peche contable é un proceso no que se pechan as contas do exercicio actual e se abre a contabilidade para o próximo exercicio. Divídese en dúas partes: por unha banda regularízanse as contas de xestión e por outra péchanse as contas do Balance de Situación do grupo 1 a 5 e cos saldos das contas se apertura o exercicio no ano seguinte.

4.5.1. Regularización da conta de xestión

Este proceso ten lugar con data do último día do exercicio económico, sendo habitual que sexa o 31/12/ano do peche. Con este proceso, as contas do grupo 6 (compras e gastos) e grupo 7 (vendas e ingresos) quedan con saldo cero, cargándose as de saldo acredor e aboando as de saldo debedor, incluíndo o imposto de beneficios. A diferenza vai á conta 129 (resultados do exercicio): se o fai con saldo acredor significa que a empresa tivo beneficios e se ten saldo debedor significa que tivo perdas. Esta conta pertence a unha conta do patrimonio neto integrada no Balance de Situación.

Na táboa 21 pódese ver un exemplo de proceso de regularización de contas do grupo 6 e 7, onde todas quedan a saldo cero, recollendo a diferenza na conta do patrimonio neto (Perdas e Ganancias), que ▲ o patrimonio neto por ter saldo acredor.

Táboa 21. Exemplo do proceso de regularización

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
31/12/2020	22				Regularización	600	Compras de mercadorías	1.616.000
31/12/2020	22	292.952	6100	Variación existencias	Regularización			
31/12/2020	22				Regularización	6400	Saldos e salarios	1.500
31/12/2020	22				Regularización	6420	SS a cargo da empresa	525
31/12/2020	22	1.790.000	7000	Vendas	Regularización			
31/12/2020	22				Regularización	6310	Impostos Beneficios	145.320
					Regularización	1290	PeG 2020	319.607

Fonte: Elaboración propia

Antes de xuño do ano seguinte ao peche das contas, as empresas celebran a Xunta Xeral e teñen que aprobar ou rexeitar as contas propostas polo administrador único ou consello de administración. Se se aproban, que é o normal, teñen que decidir se fai co saldo da conta de Perdas e Ganancias. Na táboa 22 pódese apreciar unha posible distribución do resultado neto, no cal o 10% ten que ir a 112 (reservas legais) e outra parte a empresa pode metela na 113 (reservas voluntarias), para dotar de maiores recursos á empresa, que forma parte do patrimonio. Outra parte, neste caso o 50%, decide repartilo aos propietarios da empresa, xerándose unha obriga cos propietarios (▲ o pasivo corrente e ▼ patrimonio da empresa).

Táboa 22. Exemplo de distribución das Perdas e Ganancias

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
30/06/2021	23	319.607,0	1290	PeG	Distribución PeG 2020			
30/06/2021					Distribución PeG 2021	112	Reservas legais	31.960,7
30/06/2021					Distribución PeG 2022	113	Reservas voluntarias	127.842,8
30/06/2021					Distribución PeG 2022	526	Dividendo activo a pagar	159.803,5

Fonte: Elaboración propia

4.5.2. Proceso de peche e apertura

Unha vez regularizados os grupos 6 e 7, procédese ao peche da contabilidade que consiste en cargar os saldos acredores e aboar os saldos debedores, de tal xeito que todas as contas quedan a cero. Na táboa 23, pódese ver o asento de regularización do balance, compostas polos grupos 1-5.

Táboa 23. Exemplo dun proceso de peche

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
31/12/2020	16	3.000,0	1000	Capital social	Peche 2020			
31/12/2020	16	6.850,0	1290	PeG	Peche 2020			
	16				Peche 2020	2180	Elemento Transporte	15.000,0
31/12/2020	16				Peche 2020	3000	Existencias	4.020,0
31/12/2020	16	3.528,0	4000	Provedores	Peche 2020			
31/12/2020	16				Peche 2020	4300	Clientes	4.500,0
31/12/2020	16	1.728,2	4751	FP retencións	Peche 2020			
31/12/2020	16	1.740,0	4751	FP acredora IVE	Peche 2020			
31/12/2020	16	6.673,8	4752	FP imposto sociedades	Peche 2020			
31/12/2020	16	2.500,0	4760	Seguridade social, acredora	Peche 2020			
31/12/2020	16				Peche 2020	5720	Bancos	2.500,0

Fonte: Elaboración propia

Na táboa 24 pódese ver o proceso de apertura no ano seguinte, que é o inverso do asento de peche, sendo o primeiro asento do ano, no que se parte cos saldos das contas de balance correctos. A partir dese momento, a empresa continuará o ciclo económico e contable.

Táboa 24. Exemplo dun proceso de apertura

Data	Nº	Importe	Conta	Descrición	Concepto	Conta	Descrición	Importe
01/01/2021	1				Apertura 2021	1000	Capital social	3.000,0
01/01/2021	1				Apertura 2021	1290	PeG	6.850,0
01/01/2021	1	15.000,0	2180	Elemento de Transporte	Apertura 2021			
01/01/2021	1	4.020,0	3000	Existencias	Apertura 2021			
01/01/2021	1				Apertura 2021	4000	Provedores	3.528,0
01/01/2021	1	4.500,0	4300	Clientes	Apertura 2021			
01/01/2021	1				Apertura 2021	4751	FP retencións	1.728,2
01/01/2021	1				Apertura 2021	4751	FP acreedora IVE	1.740,0
01/01/2021	1				Apertura 2021	4752	FP imposto sociedades	6.673,8
01/01/2021	1				Apertura 2021	4760	Seguridade social, acreedora	2.500,0
01/01/2021	1	2.500,0	5720	Bancos	Apertura 2021			

Fonte: Elaboración propia

5. Contas anuais

Como se observou no apartado 1.2 desta unidade didáctica, as contas anuais están compostas por distintos documentos como son o balance de situación, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria. Estes documentos elabóranse de acordo ao Código de Comercio e deben reflectir a imaxe fiel do patrimonio da empresa, a súa situación financeira e os seus resultados.

As contas anuais elabóranse cunha periodicidade de doce meses, salvo nos casos de constitución, modificación da data de peche do exercicio ou disolución. Deben ser formuladas polo empresario ou os administradores no prazo máximo de tres meses dende o peche do exercicio e firmadas polo empresario, por todos os socios ilimitadamente responsables das débedas ou por todos os administradores da sociedade. En caso de non ser posible a firma de algún deles, farase mención expresa da causa que impide dita firma en cada un dos documentos que falte.

As contas anuais deberán ser presentadas anualmente no rexistro onde a sociedade teña o seu domicilio social para que queden depositadas. A Lei de Sociedades de Capital establece os seguintes prazos:

- Deben formularse no prazo máximo de tres meses, contados a partir do peche do exercicio social.
- Deben aprobarse pola Xunta Xeral dentro dos seis primeiros meses contados a partir do peche do exercicio.

O prazo de presentación das contas anuais é dentro do mes seguinte á data de aprobación destas por parte da Xunta, é dicir, o prazo non sempre finaliza o 30 de xullo, se a Xunta se celebra o 25 de xuño, o prazo termina o 25 de xullo.

As sociedades anónimas, incluídas as laborais, as sociedades de responsabilidade limitada, incluídas as laborais, as sociedades en comandita por accións e as sociedades cooperativas deben adaptarse ao modelo de formulación de contas normal. Non obstante, aquelas sociedades que cumpran os seguintes requisitos, poderán formular as contas seguindo o modelo abreviado, tal e como se especifica a continuación:

- Balance, estado de cambios no patrimonio neto e memoria abreviados, pode ser empregado polas empresas que cumpran, polo menos, dous dos seguintes requisitos ao peche do exercicio:
 - Que o total das partidas de activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros. A estes efectos, entenderase por total activo e total pasivo o que figura no balance.
 - Que o importe neto da cifra de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros.
 - Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a 50.
- A conta de perdas e ganancias abreviada, pode ser empregada por aquelas empresas nas que:
 - O total das partidas de activo non supere os once millóns catrocentos mil euros. A estes efectos, entenderase por total activo o que figura no balance.
 - O importe neto da cifra de negocios non supere os vinte dous millóns oitocentos mil euros.
 - O número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a 250.

As empresas con outra forma de sociedade non mencionada anteriormente, así como os empresarios individuais, están obrigados a formular, como mínimo, as contas anuais abreviadas. Sempre que proceda formular o balance, o estado de cambios no patrimonio neto e a memoria en modelo abreviado, o estado de fluxos de efectivo non é obrigatorio.

En canto ás normas comúns de formulación das contas, cabe ter en conta que, en cada partida debe figurar, ademais das cifras do exercicio que se pecha, os datos correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior. Así mesmo, non poderán facerse modificacións da estrutura dun exercicio á outro, salvo casos excepcionais que se especificarán na memoria.

5.1. Balance de situación

Como xa se definiu no punto 2.1 da presente unidade, o balance de situación é un documento construído a partir da información contable que reflicte a composición

do patrimonio dunha empresa, debidamente valorado e nun momento determinado. Este divídese en tres grandes bloques: activo, pasivo e patrimonio neto.

5.2. A conta de perdas e ganancias

Tamén estudada no punto 3 da presente unidade, a conta de PeG ou conta de resultados reflicte a síntese dos distintos ingresos e gastos producidos ao longo dun período de tempo, clasificados segundo a súa natureza e cuxa diferenza expresa o beneficio ou a perda da empresa.

5.3. Estado de cambios no patrimonio neto

O estado de cambios no patrimonio neto componse de dúas partes: unha primeira denominada **estado de ingresos e gastos recoñecidos** e unha segunda denominada **estado total de cambios no patrimonio neto**.

A primeira delas recolle os cambios no patrimonio neto derivados de:

- O resultado do exercicio da conta de PeG.
- Os ingresos e gastos que, segundo o requirido polas normas de rexistro e valoración, deban imputarse directamente ao patrimonio neto da empresa.
- As transferencias realizadas á conta de PeG segundo o disposto no Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade.

A segunda informa de todos os cambios acontecidos no patrimonio derivados de:

- O saldo total dos ingresos e gastos recoñecidos.
- As variacións orixinadas no patrimonio neto por operacións con socios ou propietarios da empresa cando actúan como tal.
- As restantes variacións que se produzan no patrimonio neto.
- Os axustes de patrimonio neto debido a cambios en criterios contables e correccións de erros.

5.4. Estado de fluxos de efectivo

O estado de fluxos de efectivo informa sobre a orixe e emprego dos activos monetarios representativos de efectivo e outros líquidos equivalentes. Ademais, clasifica os movementos por actividades e indica a variación de dita magnitude no exercicio. Enténdese por efectivo e outros activos líquidos equivalentes á tesourería depositada na caixa da empresa, os depósitos bancarios á vista e os instrumentos financeiros que sexan convertibles en efectivo e que no momento da súa adquisición o seu vencemento non fose superior a tres meses (sempre que non exista risco significativo de cambios de valor e formen parte da política de xestión normal da tesourería da empresa). Non é de presentación obrigatoria para Pemes que non superen os 5,7 millóns de euros nin os 50 empregados como media anual.

5.5. A memoria

Como xa se expuxo ao principio desta unidade didáctica, a memoria é un documento que completa, amplía e comenta a información contida no balance e na conta de perdas e ganancias. O seu contido é flexible, de índole preferentemente financeira, aínda que pode incorporar datos doutro tipo, sempre que estean relacionados de algunha maneira cos compoñentes propiamente contables dos estados financeiros. Esta fórmulase tendo en conta que:

- O modelo da memoria recolle a información mínima a cumprimentar, non obstante, cando a información que se solicita non sexa significativa, non se cumprimentarán os apartados correspondentes.
- Deberá indicarse calquera outra información non incluída no modelo da memoria que sexa precisa para facilitar a comprensión das contas anuais obxecto de presentación, co fin de que as mesmas reflectan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados. En particular, incluíranse datos cualitativos correspondentes á situación do exercicio anterior cando iso sexa significativo.
- A información cuantitativa requirida na memoria deberá referirse ao exercicio ao que correspondan as contas anuais, así como ao exercicio anterior do que se ofrece información comparativa.
- O establecido na memoria en relación coas empresas asociadas deberá entenderse tamén referido a empresas multigrupo.
- O establecido no apartado 4 da memoria deberase adaptar para a súa presentación, en todo caso, de modo sintético e conforme a esixencia de claridade.

O Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade establece que as Contas Anuais das Sociedades Anónimas (incluídas as Laborais, as Sociedades de Responsabilidade Limitada e as Sociedades en Comandita por Accións) deben adaptarse ao Modelo de Memoria Normal, aínda que estas sociedades poden empregar o Modelo de Memoria Abreviado cando concorran, ao menos, dúas das circunstancias seguintes:

- Que o total das partidas do activo non supere os 2,85 millóns de euros.
- Que o importe neto anual da cifra de negocios non supere a 5 millóns de euros.
- Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non supere os 50.

6. Análise económica e financeira

Neste derradeiro apartado explícanse diversos indicadores que permiten facer unha pequena análise da conta de resultados e do balance. Existen numerosos indicadores pero centrárase a atención nos máis importantes que axuden ao alumando a introducirse no mundo da análise económica da empresa.

6.1. Análise de rendibilidade

Tódalas empresas precisan saber o seu resultado. Na táboa 25 pódese ver unha conta de resultados con varios anos, a porcentaxe sobre a cifra de negocios e a variación sobre ano anterior. A continuación explícanse os diversos conceptos especificados nas táboas seguintes.

- **Porcentaxe sobre nivel de vendas.** O que se fai é dividir todos os ingresos e gastos sobre o importe neto da cifra de negocios, o que permite relativizar todas as partidas sobre as vendas. Isto facilita comparar con outros anos e con outras empresas, por exemplo, a taxa porcentual dos gastos de persoal sobre os ingresos, e ver se se supera a media do sector, da competencia, doutros negocios similares, etc...
- **Pocentaxe de variación sobre anos anteriores.** Compara a evolución porcentual das partidas de ingresos e gastos sobre anos anteriores.
- **Marxe bruta.** Non forma parte oficial da estrutura pero é moi útil ter a porcentaxe porque permite comparacións con outros sectores, empresas, e serve para calcular o punto morto.
- **Porcentaxe de rendibilidade antes de impostos/vendas.** Esta porcentaxe calcúlase dividindo os resultados/vendas * 100 %. No exemplo presentado un 2,6 % indicaría un resultado baixo, aínda que positivo.
- **Limiar de rendibilidade ou punto morto.** Serve para determinar o nivel de vendas necesarios para cubrir os gastos fixos. O método de cálculo = Custo fixos / % de marxe de vendas. No caso da táboa 25, serían a suma de custos fixos (persoal, outros gastos explotación, amortización, financeiros) / % de marxe de vendas = $137.650 \text{ €} / 0,251 = 549.320 \text{ €}$ para o ano 2020. O importe de vendas que se precisa para non ter perdas, ao dividir dita cifra entre o total de vendas, resulta un 90,4%, polo tanto as vendas están só un 10% por enriba do punto morto (táboa 28).
- **Rendibilidade sobre recursos propios (%).** Este indicador calcula o beneficio neto despois de impostos sobre o capital investido (fondos propios do balance de situación), podendo comparar coas alternativas que tivesen. Neste caso, para o 2020, a rendibilidade/recursos propios é de 35,7 %, que resulta ser moi alta porque poucas alternativas ofrecen tanta rendibilidade, que aumenta no ano 2021 (táboa 28).
- **Vendas sobre empregado.** Indicador que relaciona o nivel de ingresos por empregado a tempo completo contratado. É un indicador que permite comparar con outros negocios, co sector, etc... (táboa 28)
- **Rendibilidade sobre empregado.** Beneficio neto despois de impostos por empregado a tempo completo contratado (táboa 28).

Táboa 25. Perdas e Ganancias 2020/2021

Conceptos	2020		2021		
	Importe	% S/vendas	Importe	% S/vendas	% Var 21/20
1-Importe neto da cifra de negocios	607.900,0	100,0%	707.518,0	100,0%	16,4%
2- Variación de existencias	2.929,0	0,5%	-1.542,0	-0,2%	-152,6%
4-Aprovisionamentos	-458.500,0	-75,4%	-525.125,0	-74,2%	14,5%
MARXE BRUTA	152.329,0	25,1%	180.851,0	25,6%	18,7%
6-Gatos de persoal	-120.250,0	-19,8%	-130.000,0	-18,4%	8,1%
7-Outros gastos de explotación	-15.000,0	-2,5%	-16.000,0	-2,3%	6,7%
8-Amortización do inmovilizado	-1.200,0	-0,2%	-1.200,0	-0,2%	0,0%
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	17.079,0	2,8%	34.851,0	4,9%	104,1%
13-Gastos financeiros	-1.200,0	-0,2%	-1.300,0	-0,2%	8,3%
B) RESULTADO FINANCIERO	-1.200,0	-0,2%	-1.300,0	-0,2%	8,3%
C) RESULTADO ANTES IMPOSTOS	15.879,0	2,6%	33.551,0	4,7%	111,3%
17-Imposto sobre beneficio	3.969,8	0,7%	8.387,8	1,2%	111,3%
D) RESULTADO DO EXERCICIO	11.909,3	2,0%	25.163,3	3,6%	111,3%

Fonte: Elaboración propia

6.2. Análise encoómica e financeira do balance de situación

Os indicadores da análise económica financeira céntranse máis no balance de situación (táboa 25) para o que se empregan indicadores para medir a solvencia, liquidez, panca financeira e fondo de manobra, como se pode apreciar na táboa 27.

Táboa 26. Balance Situación 2020

ACTIVO	Importes	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Importes
A) ACTIVO NON CORRENTE	18.754,4	A) PATRIMONIO NETO	33.333,8
I. Inmovilizado intanxible		A-1). Fondos propios	33.333,8
II. Inmovilizado material	18.754,4	I. Capital	3.010,0
IV. Investimentos en empresas do grupo		III. Reservas	22.053,5
VI. Activos por imposto diferido		V. Resultados de exercicios anteriores	8.270,2
		B) PASIVO NON CORRENTE	3.600,0
		II. Débedas a longo prazo	3.600,0
		1. Débedas con entidades de crédito	3.600,0
B) ACTIVO CORRENTE	30.771,5	c) PASIVO CORRIENTE	12.592,1
I. Existencias	12.500,0	I. Provisións a curto prazo	
II. Debedores comerciais	10.079,2	II. Débedas a curto prazo.	4.543,6


ACTIVO	Importes	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Importes
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	9.542,0	1. Débedas con entidades de crédito	1.200,0
3. Outros debedores	537,2	3. Outras débedas a curto prazo.	3.343,6
IV. Investimentos financeiros		IV. Acredores comerciais	8.048,4
V. Periodización a curto prazo		1. Provedores	8.048,4
VI. Efectivo e outros activos líquidos	8.192,3	2. Outros acredores	
TOTAL ACTIVO (A+B)	49.525,8	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	49.525,8

Fonte: Elaboración propia

Os principais indicadores para unha análise de balances serían:

- **Solvencia** (Activo/Pasivo). Mide a capacidade que ten a empresa de facer fronte a todas as obrigas. Como parámetro de referencia, esta debe estar sobre 1,5.
- **Endebedamento** (Pasivo/Patrimonio neto). Mide a relación entre as obrigas e os recursos investidos polos empresarios/as. Non existe un valor óptimo, pero considérase que debe ser menor a 1.
- **Fondo de Manobra** [Activo corrente – Pasivo corrente ou (Patrimonio neto + Pasivo non corrente) - Activo non corrente]. Tamén se pode medir en termos de cociente. Activo corrente/Pasivo corrente ou (Patrimonio neto + Pasivo non corrente)/Activo non corrente. Se é por diferenza as unidades son €. Se é por cociente, o resultado é unha relación. O que mide é que parte do pasivo non corrente e do patrimonio financia a parte do activo corrente, xa que parte das masas patrimoniais non son realizables a curto prazo como as existencias. O resultado debe ser positivo ou o cociente superior a 1, sendo 1,5 un valor aceptado como referencial.

Táboa 27. Fondo de Manobra



Fonte: Elaboración propia

- **Liquidez** [(Cliente + Efectivo) / Pasivo corrente]. Mide a capacidade que ten a empresa de facer fronte ás obrigas a curto prazo. O indicador debe ser superior a 1.
- **Efectivo** (Efectivo/Pasivo corrente). Mide a capacidade líquida da empresa para facer fronte ás obrigas a curto prazo. Non precisa que sexa 1, xa que se as empresas teñen saldo ao seu favor de clientes, terán a posibilidade de facer efectivo a curto prazo, sendo o normal < 1.

- **Período medio de cobro a clientes** [(Saldo medio clientes/vendas netas)*t]. Indica o tempo que se tarda en cobrar aos clientes, o normal é usar t = días. No exemplo indica que se tarda en cobrar só 5,73 días o cal quere dicir que cobra practicamente ao contado. Existen moitos sectores económicos que tardan en cobrar 60-90 días.
- **Período medio de pago a provedores**. Indica o tempo que se tarda en pagar aos provedores, o normal é usar t = días. No exemplo indica que se tarda en pagar só 6,41 días o cal quere dicir que paga practicamente ao contado. Pagar antes permite mercar mellor. Existen moitos sectores económicos que tardan en pagar 60-90 días.
- **Panca financeira** [Beneficio antes de impostos /Beneficio antes de impostos e intereses)/(Activo/Fondos Propios)]. Estuda a relación entre a débeda e os fondos propios, e o efecto dos gastos financeiros nos resultados ordinarios. A panca financeira é positiva cando o uso da débeda permite aumentar a rendibilidade financeira da empresa. Cando é > 1 a débeda aumenta a rendibilidade da empresa e cando é < 1 non convén.

Táboa 28. Principais indicadores de rendibilidade e análise de balance 2020

Indicadores de rendibilidade	2020
Punto morto	549.320,5 €
Punto morto/vendas (%)	90,4%
Rendibilidade sobre recursos propios (%)	35,7%
Vendas/empregado	121.580,0 €
Rendibilidade sobre empregado	2.381,9 €
Indicadores económicos financeiros	
Solvencia: Activo/Pasivo	3,06
Endebemento: Pasivo/Patrimonio neto	0,49
Fondo manobra: AC/PC	2,44
Liquidez: (Clientes + efectivo)/Pasivo corrente	1,45
Efectivo: Efectivo/Pasivo corrente	0,65
Período medio de cobro a clientes: (Saldo medio clientes/vendas netas)*t	5,73
Período medio de pago a provedores: (saldo medio provedores/compras)*t	6,41
Panca financeira: (BAI/BAII)*(Activo/Fondos propios)	1,38
Bº antes impostos/ Bº antes impostos e intereses	0,93
(Activo/Fondos propios)	1,49

Fonte: Elaboración propia

BIBLIOGRAFÍA

- AEAT (2020). *Manual práctico da renda 2019*. Recuperado de <https://www.agenciatributaria.es/AEAT.internet/Ayuda/19Manual/100.shtml>
- DECRETO 530/1973, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Plan xeral de Contabilidade. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 79, 6459-6480. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1973-478>
- LEI 19/1989, de 25 de xullo, de reforma parcial e adaptación da lexislación mercantil ás Directivas da Comunidade Económica Europea (CEE) en materia de Sociedades. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 178, 24085-24110. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1989-17832>
- LEI 37/1992, do 28 de decembro do Imposto sobre Valor Engadido. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 312, 44247-44305. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28740>
- LEI 35/2006, de 28 de novembro, sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 285, 1-165. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-20764>
- LEI 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 288, 1-151. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2014-12328>
- OMEÑACA, J. (2017) *Plan xeral de contabilidade e PGC de Pymes comentados*. Barcelona, España: Deusto.
- REAL DECRETO de 22 de agosto de 1885 polo que se publica o Código de Comercio. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 289, 1-70. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1885-6627>
- REAL DECRETO 1643/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 310, 38531-38616. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1990-31126>
- REAL DECRETO 1624/1992, de 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido e se modifica o Real Decreto 1041/1990, de 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que deben presentar a efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios; o Real Decreto 338/1990, de 9 de marzo, polo que se regula a composición e a forma de emprego do número de identificación fiscal, o Real Decreto 2402/1985, de 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que atinxe aos empresarios e profesionais, e o Real Decreto 1326/1987, de 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das Directivas da Comunidade Económica Europea sobre intercambio de información tributaria. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 314, 1-91. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28925>
- REAL DECRETO 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado polo Real Decreto 304/2004, de 20 de

- febrero. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 78, 1-102. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-6820>
- REAL DECRETO 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 278, 1-256. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-19884>
- REAL DECRETO 1515/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 279, 47560-47566. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-19966>
- REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 161, 1-145. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2010-10544>
- REAL DECRETO 634/2015, de 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Imposto sobre Sociedades. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 165, 57729-57789. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-7771>
- REY IGLESIAS, O. (2015) *Contabilidade e análise de balance*. A Coruña: Colexio de Economistas de A Coruña.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA